

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 29 de novembro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e nove de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1325).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 15 de novembro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(1326).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DO CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO PARA O SOSTEMENTO DO SEU LABOR. EXPTE. 10549/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.11.13, o informe de fiscalización do 22.11.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e relacións públicas, do 29.10.13, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Coral Casablanca del Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, que se achega.

2º.- Autorizar o gasto segundo o expresado na cláusula 2ª a favor da Fundación Coral Casablanca del Mercantil e Industrial por unha contía de 10.000 euros con cargo á partida 912.0.489.00.04 "Outras subvencións". O pago da subvención á Fundación Coral Casablanca del Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo farase do xeito seguinte: un único pago , de 10.000 euros, realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente ó ano en curso , presentada antes do día 15 de Decembro de 2013.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DEL CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO PARA O SOSTEMENTO DA LABOR DESENVOLVIDA POLA FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA DEL CÍRCULO MERCANTIL ENTRE TÓDOLOS CIDADÁNS A TRAVÉS DE ACTOS PÚBLICOS E INSTITUCIONAIS E DE SOSTEMENTO DA CORAL CASABLANCA*

*Na Casa do Concello de Vigo, a de de dous mil trece*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, don ABEL RAMON CABALLERO ALVAREZ, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007,..*

*Doutra, don IGNACIO PÉREZ AMOEDO, como presidente da CORAL CASABLANCA DO CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO, CIF nº 36614097 e enderezo social en Rúa Príncipe 44 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario .*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade Coral Casablanca del Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, Institución fundada no ano 2012 e que realiza unha labor que chega directamente non só a 22.000 asociados do Circulo Mercantil senón a tódolos públicos e lugares da xeografía galega, fomentando entre os máis mozos a afección pola música Coral e asemade os desenvolvementos de intercambios culturais relacionados coa música coral .*

*II.- Que o Concello de Vigo por esta especial incidencia pública na cidade e a continuidade das actividades descritas, considera a sinatura dun convenio de colaboración, en atención a importancia social das actividades desta Fundación.*

*III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público ,social e cultural.  
Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canali-*

zar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os que interveñen conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o desenvolvemento

V.- Que a entidade CORAL CASABLANCA DEL CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, encóntrase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social,cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade CORAL CASABLANCA DEL CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade CORAL CASABLANCA DEL CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO comprométese a colaborar coa ALCALDÍA do Concello de Vigo, concretamente, a:

1º.- Cumprir o programa de actividades detalladas neste convenio (Memoria anexa no expediente )

2º.- Programación de dous concertos solidarios e un concerto a beneficio da asociación San Vicente de Paul .

Desenvolver outras actividades paralelas: organización de cursos, e creación dun coro xuvenil.

3º.- Publicar trimestralmente a revista "Sons" cun apartado para a publicidade institucional .

4º.- A Coral Casablanca del Círculo Mercantil facilitará o acceso público aos fondos musicais da súa propiedade para a realización de traballos de investigación e estudo, ata a data do remate deste convenio.

5º.- A Coral Casablanca del Círculo Mercantil facilitará ao Concello entradas para os concertos programados cando non se realicen en dependencias municipais. No Concerto de Nadal establécese unha reserva de 50 localidades a favor do Concello.

6º.-.- A Coral Casablanca del Círculo Mercantil aboará os gastos derivados do desenvolvemento dos concertos.

7º.- Na publicidade que se realice para a difusión dos actos deste programa, a Coral Casablanca del Círculo Mercantil dará o mesmo tratamento en espazo aos anagramas do Concello que aos seus propios. No caso de participación doutras entidades, a Coral Casablanca del Círculo Mercantil acordará có Concello a fórmula de presenza dos anagramas.

8º.- A Coral Casablanca del Círculo Mercantil presentará a memoria definitiva do programa de actividades obxecto deste convenio antes do día 15 de Decembro de 2013, onde figurarán, como mínimo, os datos de participación memoria de prensa.

9º.- A Coral Casablanca del Círculo Mercantil deberá obter tódolos permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades descritas neste convenio.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder directamente á entidade Coral Casablanca del Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo, unha subvención por importe de 10.000 euros con cargo á partida orzamentaria da Alcaldía 912.0.489.00.04 "Outras subvencións", do presente orzamento, có obxecto de coaxudar á financiación de actividades culturais.

2º.- O pagamento destas cantidades realizarase mediante transferencia bancaria á conta número 2080.0040.65.0040021130 de Caixanova, oficina sucursal 040 Urzaiz -Gran Vía .

3º.- O pagamento expresado no punto anterior farase nunha entrega ,contra a presentación da memoria de avalización da programación, presentada antes do 15 de Decembro de 2013, e ase-made a presentación e xustificantes do pago dos gastos incorridos,.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción do logo do Concello en programas e carteis.

Sexto.- A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Séptimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Oitavo .- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de Decembro do presente ano.*

*Noveno.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía. O xefe do servizo de Alcaldía emitirá informe ao respecto, así como á axeitada xustificación da mesma, facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo primeiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.-En canto as infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo terceiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a ins-*

*trucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Alcaldía.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Alcaldía do Concello de Vigo.*

*Décimo cuarto .- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a de de 2013.*

### **3(1327).- RENUNCIA DE D<sup>a</sup> LUISA DOMÍNGUEZ AMOEDO Á CONCESIÓN OUTORGADA NO MERCADO DO PROGRESO CON EFECTOS DO 01.01.2010. EXPTE. 175/551.**

*Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Mercados, do 13.11.13, conformado polo concelleiro delegado, que di o seguinte:*

*En Vigo, a 13/11/2013, en relación có asunto de referencia, referido a Luisa Domínguez Amoedo con NIF 35965302H*

*Resultan relevantes para a emisión do presente os seguintes*

#### **FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO**

*A persoa interesada tiña outorgada concesión de dominio polo posto de referencia. Realizadas actuacións previas de cara ó sorteo dos postos do futuro Mercado do Progreso, foille notificado trámite de audiencia previo á proposta á Xunta de Goberno Local.*

*No prazo outorgado a persoa interesada manifestou a súa renuncia á concesión.*

*Os dereitos dos interesados, agás prohibición expresa, son en xeral renunciábeis. Por elo, e dada autonomía da vontade da persoa, non cabe máis que acceder á renuncia da concesión outorgada.*

*É competente para o coñecemento da presente a Xunta de Goberno Local.*

*Tralo exame dos feitos e fundamentos de dereito subliñados, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en relación có expediente 175/551 que se tramita a nome de Luisa Domínguez Amoedo con NIF 35965302H relativo ó posto B05 5 Peixe cuxa concesión remata o 01/01/2010, a adopción do seguinte ACORDO.*

*Acceder á renuncia á concesión outorgada con efectos do un de xaneiro de 2010.  
Proceder ó arquivo do expediente*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda acceder á renuncia de D<sup>a</sup> Luísa Domínguez Amoedo á concesión outorgada con efectos do un de xaneiro de 2010.  
Proceder ó arquivo do expediente.

#### **4(1328).- DAR CONTA DA RENUNCIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC A REALIZAR O PROGRAMA “XORNADAS DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAIS” NO ANO 2013. EXPTE. 5287/335.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 19.11.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, que di o seguinte:

*O vixente orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013, aprobado o 30/01/2013, contempla a existencia da aplicación presupostaria 3380.489.0008 (Convenio Interfolc – Xornadas música e danza tradicionais), dotada inicialmente con 22.500,00 euros. Esta aplicación presupostaria, con carácter nominativo a favor da Asociación cultural Interfolc, pretende dar cobertura á realización das Xornadas de música e danza tradicionais galegas, organizadas habitualmente por esta entidade e que este ano chegaría á súa XIV edición.*

*Con data 16/10/2013, a Asociación cultural Interfolc presenta a través do Rexistro Xeral un escrito (documento nº 130120373) no que solicita a renuncia de forma unilateral á realización das Xornadas neste ano de 2013, detallando unha serie de razóns que segundo o seu parecer imposibilitan a execución do evento pola súa parte este ano (dimisión do secretario da entidade, necesidade de elección de novas datas de celebración diferentes ás habituais, reorganización do evento e aposta por novos concursos).*

*Á vista do exposto e coa conformidade do xefe de Xestión e Promoción cultural, faise a seguinte PROPOSTA:*

*Dar conta á Xunta de Goberno local da renuncia unilateral por parte da Asociación cultural Interfolc de realizar o programa “Xornadas de música e danza tradicionais” no ano de 2013.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada da renuncia unilateral por parte da Asociación cultural Interfolc de realizar o programa “Xornadas de música e danza tradicionais” no ano de 2013.

#### **5(1329).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATOS MENORES DO**

**SERVIZO DE FESTAS AUTORIZADOS NOS MES DE OUTUBRO DE 2013. EXPTE. 5289/335.**

En cumprimento co establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013, aprobadas polo Pleno con data 30.01.2013, mediante providencia o concelleiro delegado de Festas dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados no Servizo de Festas durante o mes de outubro 2013, que son os seguintes:

Expte: 5267/335. CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS RELATIVOS Á PROGRAMACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL.

Decreto concelleiro data: 30/10/2013

Informe Intervención: RCM 72850

Adxudicatario: LUZ PUNTUAL SL

Importe total: 13.094,90 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**6(1330).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “III CARREIRA SOLIDARIA NOCTURNA-MEMORIAL MANUEL DALMEIDA” A REALIZAR O 7 DE DECEMBRO DE 2013. EXPTE. 12582/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.11.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Entidade Menor de Bembrive, a organizar o vindeiro sábado 7 de decembro de 2013, a “III CARREIRA SOLIDARIA NOCTURNA-MEMORIAL MANUEL DALMEIDA” dita proba se desenvolverá dende dende a Praza do Mosteiro (Estrada de Bembrive), percorrendo pola rúa Igrexa, subida a Monte Calvario, rúa Mandín, Cño. Dos Novelos, Camiño de Espedrás, e volta a Estrada de Bembrive.

**7(1331).- PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE “ANTIGOS XOGADORES DO RC CELTA DE VIGO” POLA DINAMIZACIÓN DUN PROGRAMA DE FÚTBOL NA CIDADE DURANTE A TEMPADA DEPORTIVA 2012-2013. EXPTE. 12566/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.10.13, o informe de fiscalización do 19.11.13, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.11.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: A aprobación da presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 24.500,00 €. a favor da entidade Agrupación de Antigos Xogado-



res do RC Celta de Vigo, co CIF: G-36810372 con enderezo social no Estadio Municipal de Balaidos S/N, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento e dacordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de resolución é coadxuvar fundamentalmente na financiación dos gastos vinculados á propia actividade desta agrupación e en particular á participación da Agrupación de Antigos Xogadores do RC Celta de Vigo na Liga Nacional de Fútbol Indoor como feito destacable durante a tempada deportiva 2012/2013.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo paro a o ano 2013.

c) Esta subvención catalógase como de interés público e social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que participou na competición obxecto da subvención.

d) Esta subvención é compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financiaran a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

e) Que a Agrupación de Antigos Xogadores do RC Celta de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 12566-333.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

f) Son gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

g) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución de subvención autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

h) A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes adxuntará no expediente o informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poideran resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.

Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos admitiranse gastos xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, aloxamentos, técnicos, etc.,) emitidos polas Federacións, que recollan adecuadamente os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

En xeral os documentos xustificativos correspóndense con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

i) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución se realizará mediante transferencia bancaria á conta da entidade tras a aprobación pola Xunta de Goberno Local desta resolución.

j) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

k) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

m) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión

da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

SEGUNDA: Aprobar o gasto da subvención directa por un importe de 24.500,00 €. mediante transferencia bancaria a favor da Agrupación de Antiguos Xogadores do RC Celta de Vigo, co CIF: G-36810372 con enderezo social no Estadio Municipal de Balaidos S/N, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución.

**8(1332).- SOLICITUDE DA EMPRESA “MATRESHKA GALICIA, S.L.”, PROMOVIDA POR OLENA GOLMAN, DE CUALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE). EXPTE. 10530/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 25.11.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “ MATRESHKA GALICIA, S.L. ” promovida por Olena Golman sendo necesario para obtelo a participación municipal, dita participación consistirá no seguinte:

- Apoio pola Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo coa elaboración e estudo, por parte dunha técnica do servizo, dun informe económico de viabilidade do proxecto xunto co seu asesoramento na solicitude e información e asesoramento sobre axudas municipais vixentes.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do

2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

**9(1333).- ADAPTACIÓN DAS PROPOSTAS ÁS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DO ANO 2013. EXPTE. 10268/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.11.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 25.11.13, conformado polo concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.-Aceptar a alegación presentada pola Asociación Autónoma de empresarios de talleres de reparación de automóviles (ATRA), incrementando a puntuación do apartado c) Cualidade dos contratos ata 7 puntos, tendo en conta que o número de contratos a realizar é de tres (3), e incrementando o importe da subvención concedida en 1.201,20 €, existindo saldo igual e suficiente no documento económico A 201300039370 polo importe de 1.201,20 € cuxa aplicación orzamentaria é a 2410 48900010, resultando deste xeito a subvención total concedida a ATRA por un importe de 31.831,83 €.

SEGUNDO.- Aceptar as renuncias presentadas polas entidades Asociación Integración e Fundación CIP, sin que estas renuncias vaian en detrimento das citadas entidades en futuras convocatorias, reintegrando os montantes retidos por importe de 4.149,53€ e 7.022,29€ na aplicación orzamentaria 2410 48900010 “Convenios Plan Municipal de Emprego 2013”.

TERCEIRO.- Aceptar o recorte proposto por ASIME do montante total concedido, polo importe de 8.916,41€, e que se barre a diferenza entre o concedido e o aceptado por un importe de 693,20 € reintegrando este montante á aplicación orzamentaria 2410 48900010.

CUARTO.- Non aceptar a alegación da Federación de AA.VV. “Eduardo Chao”, por cuanto a súa solicitude de incremento do importe da subvención concedida (50.000,00 €), inclumpriría o establecido na cláusula CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO, apartado a.1 que determina para o Programa I “Entidades veciñais e culturais”, que a subvención máxima, en ningún caso, poderá superar os 50.000 €.

QUINTO.- Aceptar o resto das adecuacións presentadas polas entidades beneficiarias das axudas coas seguintes reducións de postos de traballo a contratar, segundo figuran nos cadros anexos:

VECINAIS E CULTURAIS			ANTES DE LA REFORMULACION					DESPUES DE REFORMULACION					DIFERENZAS		
NOME ENTIDADE	Total Solicitado	Total Concedido	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	100%	50%	%	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	100%	50%	%	Nº postos a contratar	Duración meses	% Jornada
A.V.V CALVARIO	16.964,97 €	16.964,97 €	3	6	1	2	-	3	6	1	2	-	-	-	-
AVCU-CSCR DE BEADE	38.416,00 €	38.416,00 €	4	7	1	2	1	4	7	1	2	1	-	-	-
A.V. LA UNION DE SAN PEDRO MATAMA	8.721,88 €	8.721,88 €	1	6	1	-	-	1	6	1	-	-	-	-	-
FEDERACIÓN A.V.V EDUARDO CHAO	588.864,85 €	50.000,00 €	57	7	-	57	-	21	2	-	21	-	36	5	-
F.P.R. "EL OLIVO"	11.016,36 €	11.016,36 €	2	4	-	2	-	2	6	4	-	2	-	-	-
ASOC. VECIÑAL CASCO VELLO	24.000,00 €	20.571,43 €	2	7	2	-	-	2	7	-	-	2	-	-	Axusta
C.C.V.D VIGO CENTRO	35.700,00 €	15.513,31 €	4	6	4	-	-	3	5,5	2	1	-	1	0,5m	1 ó 50%
AGRUP. CENTROS CULTURAIS DE VIGO	50.000,00 €	41.482,89 €	6	6	5	1	-	6	5,5	4	2	-	-	0,5m	1 ó 50%
A.V.C.S. LAVADORES	13.950,00 €	13.950,00 €	3	7	3	-	-	3	7	3	-	-	-	-	-
A.V.C.D "SAN XURXO"	13.843,40 €	11.865,51 €	3	7	3	-	-	3	5,7	-	1	2	-	2	2(25%) é 1 (50%)
ASOC. VECIÑAL NOVO VIGO	20.559,49 €	8.365,02 €	5	7	5	-	-	3	3	-	-	3	2	4	75%
CENTRO SOCIOCULTURAL A.R. VALLADARES	50.508,00 €	48.327,00 €	8	6	4	3	1	8	6m	4	3	1	-	-	-
59															

SOCIAIS E ASISTENCIAIS			ANTES DE LA REFORMULACION					DESPUES DE REFORMULACION					DIFERENZAS			
NOME ENTIDADE	Total Solicitado	Total Concedido	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	100%	50%	%	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	100%	50%	%	Nº postos a contratar	Duración meses	% Jornada	
FUNDACIÓN IGUALARTE	9.566,03 €	9.566,03 €	2	6	-	2	-	2	6	-	2	-	-	-	-	
ASOC. DE BULIMIA E ANOREXIA DE PONTEVEDRA	23.600,00 €	15.002,16 €	2	6,5	2	-	-	2	6,5	1	-	1	-	-	%	
ASOC. DE PERSONAS SORDAS DE VIGO	24.639,27 €	9.256,65 €	3	6	3	-	-	2	5m e 3m	1	1	-	1	1m , 3m	1 ó 50%	
FOANPAS	44.588,23 €	20.382,87 €	6	7	1	-	5	3	6	-	2	1	3	1	2,50% e 1,75%	
AVEEMPO	21.031,00 €	18.194,10 €	4	6	-	4	-	4	6	-	4	-	-	-	Asume a dif.	
FUNDACIÓN LUIS TILVE	36.140,60 €	15.640,55 €	2	6	2	-	-	2	3	2	-	-	-	3	-	
ASOC. MULLERES PROGRESISTAS	25.954,24 €	18.353,70 €	4	6	1	-	3	4	4,16	1	3	-	-	1,84	-	
ASOC. ASPANAEX	14.206,50 €	12.177,00 €	2	7	2	-	-	2	7	1	-	1	-	-	1 ó 42,50%	
FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	38.455,31 €	7.660,68 €	3	7	-	-	-	2	3	-	2	-	1	4	2 ó 58,75%	
ALENTO-ASOC. DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	39.324,75 €	9.575,84 €	3	6	3	-	-	2	5,3	2	-	-	1	3	-	
ASOCIACIÓN INTEGRACIÓN	10.150,00 €	4.149,53 €	1	-	-	-	-	RENUNCIA							-	-
CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	12.250,96 €	6.064,70 €	1	6	-	-	-	1	4	1	-	-	-	2	-	
AUTISMO VIGO	28.310,45 €	20.109,27 €	6	7	*	-	-	5	7meses 1 ó 6m. 2 días	-	-	5	1	1 x 28días	62,00%	
DOW VIGO: ASOC. PARA A SÍNDROME DE DOWN	23.202,00 €	13.679,78 €	2	7	2	-	-	2	7	-	-	2	-	-	Ajusta porcent.	
COGAMI	41.216,00 €	16.142,14 €	3	7	3	-	-	1	7	1	-	-	2	-	-	
AFAVI-ASOC. FÚTBOL AFIC. DE VIGO	24.683,00 €	15.321,35 €	6	6	6	-	-	3	3	3	-	-	3	3	-	
ASOC. DE AYUDA AL ENFERMO MENTAL DOA	7.120,40 €	5.107,21 €	1	6	1	-	-	1	3m e 20 días	1	-	-	-	2m e 10 d	-	
FEAFES-GALICIA	23.426,64 €	7.341,48 €	2	6	2	-	-	1	4m e 26 días	-	-	1	1	1m e 4 días	31,25%	
FUNDACION CIP	49.695,86 €	7.022,29 €	6	-	-	-	-	RENUNCIA							-	-
FADEMGA FEAPS GALICIA	6.784,96 €	5.798,71 €	1	3,5m	1	-	-	1	3	1	-	-	-	0,5	100,00%	
CLUB AUTOMODELISTA VIGUÉS	9.924,38 €	6.703,09 €	1	-	-	-	-	1	5	1	-	-	-	-	-	
CLUB CICLISTA VIGUÉS	9.282,00 €	6.064,70 €	-	-	-	-	-	1	5	1	-	-	3	1	100,00%	
ASOCIACIÓN INCLUSIÓN	37.800,00 €	6.064,70 €	4	-	-	-	-	2	2,5	1	1	-	2	-	1,100% é 1,50%	
ASOCIACIÓN PARKINSON VIGO	1.097,62 €	1.097,62 €	1	1	1	-	-	1	1	1	-	-	-	-	-	
CARITAS DIOCESANA DE TUI - VIGO	22.107,00 €	15.800,14 €	3	6	3	-	-	2	4,5 meses	2	-	-	1	1,5	-	
EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL	49.322,15 €	17.236,52 €	6	6	6	-	-	2	5m , 4m e 13	2	-	-	4	m, 1 me 17	-	
ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA	5.607,36 €	4.787,92 €	1	-	-	-	-	1	3m e 21 días	-	-	1	-	-	-	
APAMP	83.969,30 €	19.698,88 €	5	7	5	-	-	4	7	4	-	-	1	-	-	
SOCIEDADE GALEGA PARA A DIFUSIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO	4.200,00 €	3.989,94 €	1	-	-	-	-	1	2m e 15d	1	-	-	-	-	-	
ASOCIACIÓN XARUMA	17.787,00 €	15.959,74 €	5	9	5	-	-	5	5,5	-	-	5	-	3,5	%	
ASOCIACIÓN DE MULLERES PEDRA VELLA	11.850,00 €	9.575,84 €	2	6	2	-	-	2	5	-	1	1	-	1	1 75% é 1 50%	
62																

SINDICAIS			ANTES DE LA REFORMULACION				DESPUES DE REFORMULACION				DIFERENZAS				
NOME ENTIDADE	Total Solicitado	Total Concedido	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	100%	50%	%	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	100%	50%	%	Nº postos a contratar	Duración meses	% Jornada
UNIÓN COMARCAL UGT-VIGO	49.805,41 €	49.805,41 €	3	7	3	-	-	3	2, 6 meses 1, 4 meses	3	-	-	-	2, 1m,y 1,2m	-
CIG-UC VIGO	50.000,00 €	50.000,00 €	4	3 (6M) –1(9M)	4	-	-	4	7	4	-	-	-	-	-
<b>7</b>															

EMPRESARIAIS			ANTES DE LA REFORMULACION				DESPUES DE REFORMULACION				DIFERENZAS				
NOME ENTIDADE	Total Solicitado	Total Concedido	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	100%	50%	%	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	100%	50%	%	Nº postos a contratar	Duración meses	% Jornada
INSTALECTRA	36.619,00 €	34.234,23 €	3	7	3	-	-	3	7m; 6,5m; 6m	3	-	-	-	1x0,5m, 1x1m	100,00%
A.T.R.A	41.400,00 €	31.831,83 €	2	6	2	1	-	3	Pte. Admitir a reformulación			3	7	%	
AETRARI	8.395,07 €	8.395,07 €	5	6	5	-	-	5	6	5	-	-	-	-	-
AJEVIGO	21.187,45 €	21.187,45 €	1	-	-	1	-	1	7	1	-	-	-	-	-
AHOSVI	70.000,00 €	24.264,62 €	5	7	5	-	-	3	1, 6 meses é 2 3 meses	3	-	-	2	1m, 4m	-
AGAEMP	26.639,98 €	26.639,98 €	3	7	3	-	-	3	7	3	-	-	-	-	-
FED. PROV. EMPR. HOSTELERÍA PONTEVEDRA	70.000,00 €	57.657,66 €	46	-	-	2	-	41	1 6 meses, 2 3 meses	1	2	-	5	-	beneficiarios x horas
ASOC. EMPRESAR. MERCADO TRAVIESAS	18.853,46 €	18.853,46 €	7	6	7	-	-	7	6	-	-	7	-	-	x horas
COLEXIO DE ECONOMISTAS DE PONTEVEDRA	20.004,90 €	10.810,81 €	2	-	-	-	-	2	3	2	-	-	-	-	-
FUNDACIÓN GALEGA DO METAL	59.521,53 €	24.024,02 €	5	6	5	-	-	3	4	3	-	-	2	2	-
ASOC. COMERC. DEL MERCADO CALVARIO	6.412,64 €	6.412,64 €	1	6	1	-	-	1	6	1	-	-	-	-	-
ASIME	12.788,17 €	9.609,61 €	1	6	1	-	-	1	4,17	1	-	-	-	1,83	-
FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	12.911,00 €	9.609,61 €	1	6	1	-	-	1	4 m e 4 días	1	-	-	-	1mes y 24 d.	-
ASESTRANSPO	33.972,41 €	6.000,00 €	2	7	2	0	-	2	7	-	-	2	-	-	%
FED. GALEGA DE EMPRESAS DE FORMACIÓN	28.780,00 €	9.609,61 €	-	-	-	-	-	3	14 meses, 2 3 meses	3	-	-	-	-	-
FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU	60.000,00 €	58.243,24 €	4	6	4	-	-	4	6	4	-	-	-	-	-
<b>83</b>															

MANCOMUNIDADES DE MONTES			ANTES DE LA REFORMULACION				DESPUES DE REFORMULACION				DIFERENZAS				
NOME ENTIDADE	Total Solicitado	Total Concedido	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	100%	50%	%	Nº DE POSTOS A CONTRATAR	DURACIÓN (MESES)	100%	50%	%	Nº postos a contratar	Duración meses	% Jornada
MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO	260.000,00 €	239.740,26 €	33	7	33	-	-	33	7m, 5m(9pers)	-	-	33	-	9x 2m.	%
<b>33</b>															

**10(1334).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A UTILIZACIÓN DAS PARCELAS MUNICIPAIS SITAS NAS RÚAS SARDOMELA 15-INTERIOR E RAMÓN NIETO 266-INTERIOR, PARA HORTAS MEDIOAMBIENTAIS. EXPTE. 9704/306.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, do 26.11.13, conformado pola concelleira de Medio Ambiente e Xuventude, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

A Xunta de Goberno Local en sesión do 2 de novembro de 2012 e 12 de abril de 2013 acordou a utilización de determinados espazos públicos para hortas medioambientais.

Na actualidade, están en funcionamento catro zonas municipais adicadas a este uso: na Avda. das Camelias cunha superficie de 100 m2, na rúa Fontáns cunha superficie de 2.303 m2, en Teis

*cunha superficie de 2.753 m2, na parcela libre P-2, da etapa II do PP de Navia, nunha superficie de 3.923, 54 m2.*

*A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude, en data 1 de outubro de 2013, acordou a iniciación de procedemento para a creación de dúas novas hortas urbanas en rúa Ramon Nieto e rúa Sardomela.*

*O Servizo de Medio Ambiente redacta memoria xustificativa en novembro 2013 para a creación destas hortas urbanas na que se indica:*

*As zonas propostas son as parcelas municipais núm. 230 de 583,77 m2 situada na rúa Ramón Nieto, 266, interior, e a núm. 1361 de 3.308,50 m2 situada na rúa Sardomela, 15 interior.*

*Os obxectivos perseguidos coa creación de hortas urbanas son:*

- Sensibilizar á cidadanía en materia medio ambiental, xerando oportunidades de participación cidadá e de voluntariado.*
- Sensibilizar á cidadanía sobre os nosos recursos naturais, utilización sustentable do medio que nos rodea.*
- Sensibilizar á cidadanía sobre hábitos de consumo saudables con produtos da horta.*
- Ensinar aos participantes os fundamentos da agricultura ecolóxica, xerando autonomía para participar no programa municipal e para manter hortas ecolóxicas en espazos da súa propiedade.*
- Propiciar unha alimentación máis saudable e de gran calidade nutricional a través do emprego dos froitos da horta ecolóxica.*
- Fomentar a separación de residuos orgánicos co fin de destinalo a compostaxe ou vermicompostaxe.*
- Fomentar a ocupación do tempo de lecer coa promoción de estándares de calidade de vida e saúde na xuventude.*
- Darlle uso a espazos comunitarios degradados ou fincas municipais en desuso.*

*Entre as actuacións previstas para o desenvolvemento destes obxectivos atópanse as seguintes:*

*- Accións formativas para a creación dunha horta e a súa xestión nas distintas tempadas do ano agrícola, así como de actividades complementarias como compostaxe, elaboración de marmeladas, etc.*

*- Accións de sensibilización e de participación entre os veciños e veciñas lindantes coas hortas urbanas postas en funcionamento.*

*- Acondicionamento de hortas urbanas en parques ou xardíns do casco urbano e en fincas municipais con usos agrícolas.*

*- Creación de grupos de traballo nas distintas hortas, con subministro de sementes e de material básico de traballo.*

*- Participación de voluntariado medio ambiental no acondicionamento e uso xeral das hortas.*

*- Accións de promoción de estándares de calidade de vida e saúde na xuventude.*



- *Accións transversais entre a cidadanía, mozos e maiores, posibilitando a integración grupal, coñecemento sobre o medio ambiente, ocupación do tempo de lecer.*

- *Elaboración de elementos de comunicación e divulgación do proxecto (carteis, folletos, guías, blog, etc)*

*A creación da horta supón a realización de pequenos traballos de acondicionamento da superficie, limpeza, arado e fresado da terra, delimitación do perímetro, realización de pequenos bancais, que realizará, fundamentalmente, por persoal do programa municipal Vigo Emprega, voluntarios medioambientais.*

*En canto a posibilidade de utilización dos terreos para este uso:*

*Consta no expediente informe da arquitecta municipal da Xerencia de Urbanismo, de data 18 de setembro de 2012, sobre a viabilidade urbanística do uso que se encadraría dentro do dotacional, clase educativo e categoría 7ª, e do uso de espazos libres e zonas verdes, clase zonas verdes, categoría 2ª.*

*As parcelas, segundo o vixente PXOM están clasificadas como solo urbano non consolidado, dentro dos ámbitos APR A-4-21, APR A-8-43, pendentes de desenvolvemento urbanísticos, sendo o uso característico o residencial e co que os usos dotacionais en tódalas clases e categorías son compatibles.*

*O servizo de Patrimonio, informou en data do 28/10/2013, que as parcelas son de natureza xurídica demanial, inscritas baixo os núm. 230 e 1361 do epígrafe I inmobles no Inventario, adscritas ó servizo municipal de Parques e Xardíns, sen observar obxección ningunha, sempre que o servizo competente o considere oportuno, adicar estes a usos públicos que se estime de interese xeral por esta administración e resulte compatibles co planeamento urbanístico.*

*O servizo de Montes, Parque e Xardíns, en data do 06/11/2011, informou no que atinxe a ese departamento que non existe inconveniente en que se utilicen as parcelas municipais emprazadas nas rúas Sardomela e Ramón Nieto para hortas medioambientais.*

*Unha vez creadas as hortas, as distintas actividades que se desenvolvan serán no marco de accións de sensibilización e educación medioambiental de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria para estas actividades.*

*Tamén, contarase co apoio do voluntariado medio ambiental para realizar estas actividades.*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., na "protección do medio ambiente", "ocupación do tempo de lecer" e naqueloutras actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.*

*A área municipal de Medio Ambiente e Xuventude ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 7 de febreiro de 2013 (BOP do 06/03/2013) competencias para desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, saúde da xuventude, ocupación do seu tempo de lecer*

*A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.*

*Dende a Área de Medio Ambiente e Xuventude lévase facendo actividades neste sentido nos catro últimos anos no entorno de Vigo. O programa Camiño a Camiño, o programa de voluntariado medioambiental, programa de visitas aos centros escolares, campamentos xuvenís, programa Sintomeben dirixido fundamentalmente aos mozos, son algunhas mostras do citado traballo.*

*En outubro de 2012, iniciouse a creación de “Hortas Urbanas para a formación medioambiental e ocupación do tempo de lecer” coa pretensión de dar un paso máis nestes obxectivos.*

*Agora, preténdese ampliar os espazos existentes para este uso habida conta da grande acollemento que tivo este proxecto na cidadanía.*

*A actividade proposta vai dirixida a toda a cidadanía co obxecto de fomentar a promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá na defensa do seu medio ambiente. Ademais, xera hábitos de vida saudables que redundan no benestar da poboación.*

*Neste sentido, consideráse xustificada a súa utilización provisional para este uso ata tanto non se desenvolva o planeamento urbanístico no PXOM vixente (APR A-8-43 e APR A-4-21), ao abeiro do artigo 102 da LOUGA e ao resultar o uso compatible co previsto no PXOM e non requirir ningún tipo de obra constructiva.*

*En virtude das atribucións de competencias establecidas no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competente para adoptar o presente acordo a Xunta de Goberno Local*

*En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*Aprobar, de conformidade cos informes técnicos, memoria xustificativa e planos que figuran no expediente 9704/306 e que se reflicten nesta resolución, a utilización provisional da parcela municipal núm. 230 de 583,77 m<sup>2</sup> situada na rúa Ramón Nieto, 266, interior e da parcela municipal núm. 1361 de 3.308,50 m<sup>2</sup> situada na rúa Sardomela, 15 interior, para hortas destinadas á formación medioambiental.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1335).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA UNIÓN EUROPEA “AGENCIA EJECUTIVA EN EL ÁMBITO EDUCATIVO, AUDIOVISUAL Y CULTURAL (EACEA)” PARA O PROXECTO DENOMINADO “COOPERLAND” DENTRO DO PROGRAMA “EUROPE FOR CITIZENS PROGRAMME”. EXPTE. 6451/320.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 19.11.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local de 31 de maio de 2013, a proposta do xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá, acordou:*

1. Aprobar á memoria do Proxecto "COOPERLAND" para a súa remisión ao programa convocado pola "Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural (EACEA)" da Unión Europea, por un importe total de 190.944,05 €.

2. Solicitar da "Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural (EACEA)" unha axuda de 114.566,43 € correspondente ao 60,00 % do total do proxecto "COOPERLAND"

3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

4. Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da "Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural (EACEA)" da Unión Europea.

Con data 31 de outubro de 2013 recíbese a notificación da concesión da subvención para o proxecto COOPERLAND, por "Decision NR 2013-4176/001-001" da "Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural (EACEA)" da Unión Europea, na que, unha vez avaliada a solicitude presentada, resolve conceder unha subvención por importe de 114.566,43 €.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aceptar a subvención concedida na resolución da da "Agencia Ejecutiva en el ámbito Educativo, Audiovisual y Cultural (EACEA)", en base da "Decision NR 2013-4176/001-001" da Unión Europea, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 114.566,43 €.

2. Encomendar ao servizo de Participación e Atención Cidadá, a xestión da xustificación da subvención recibida conforme ao establecido na citada "Decisión" e demais disposicións que lle sexan de aplicación.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(1336).- LIQUIDACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN RESTAURANTE 2-M-3 NA PRAIA DE SAMIL, OUTORGADA A D<sup>a</sup> CARIDAD FÁLAGAN GARCÍA. EXPTE. 19647/240.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 18.11.13, conformado pola concelleira-delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- TRLCSP (R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro do Texto refundido da LCSP).
- LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).
- Prego de condicións administrativas aprobado por acordo plenario de 30 de maio de 1975 polo que se rexe a concesión administrativa para a construción e explotación do restaurante na Praia de Samil.

## ANTECEDENTES DE FEITO:

*PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 13 de setembro do 2013, acordou declarar resolta a concesión administrativa outorgada o 30 de agosto de 1976, a D<sup>a</sup> Caridad Falagan García para a construción e explotación dun restaurante 2-M-3, na praia de Samil, polo falecemento da súa concesionaria, e incoar expediente contradictorio para a liquidación do contrato consonte á normativa vixente.*

*Acordo que foille notificado os Herdeiros de Da. Caridad Falagan Garcia en data 20.09.2013.*

*SEGUNDO.- Durante a instrución do expediente cumprimentáronse os seguintes trámites, formulándose alegacións o mesmo polos interesados e emitíndose diversos informes polos servizos do Concello.*

- Informe dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo de data 7.10.2013 sobre o estado e valoración dos inmobles da concesión obxeto de reversion a favor do Concello.*
- Certificación da Tesoureiría municipal de data 14.10.2013 das deudas da concesión administrativa.*
- Tramite de audiencia de data 16.10.2013 otorgado a Comunidade Hereditaria de Dna. Caridad Falagan Garcia.*
- Escrito de alegacións de data 25.10.2013 de D. Juan Jose Falagan Garcia, en nome da Comunidade Hereditaria de Dna. Caridad Falagan Garcia.*
- Informe do aparelador municipal da XMU de data 11.11.2013.*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

*PRIMEIRO.- A resolución da concesión administrativa acordada pola Xunta de Goberno Local, polo falecemento da concesionaria, dá lugar a súa liquidación, dacordo coa normativa reguladora do Patrimonio das AAPP e contratación das Entidades Locais.*

*SEGUNDO.- Conseqüentemente, tramitouse o procedemento regulamentario para a determinación do saldo resultante da liquidación da concesión a que deu lugar, no presente caso, a resolución concesional acadada, no que concuriron e tivéronse en conta as seguintes circunstancias:*

*- Prazo concesional: A concesión administrativa foi otorgada, por acordo plenario do 30 de agosto de 1976, polo prazo máximo de 40 anos previsto na cláusula II do Prego de condicións, extinguíndose de xeito anticipado con data 13.09.2013, por causa do falecemento da concesionaria D<sup>o</sup> Caridad Falagan Garcia.*

*- Bens e instalacións obxeto de reversión: Consonte o previsto na cláusula VII do Prego de condicións, os terreos, construcións, edificios, dependencias, seccións, equipos e demais elementos auxiliares, útiles e enseres do restaurante, quedaran suxetos a reversión ó patrimonio municipal. Reversión que alcanzará a todas as instalacións, elementos e bens mobles e dereitos reais cos que conte o restaurante no momento de expirar o prazo concesional na data de expiración do prazo.*

*- Inversión feita, estado e valoración do inmovible e demais bens obxeto de reversión o patrimonio municipal.*

- Estado das deudas que polo concepto da concesión, mantén con esta administración municipal a anterior concesionaria.

**TERCEIRO.-** Dacordo con ditos antecedentes, efectuouse polo servizo técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo un informe descriptivo do estado da construción existente que debe revertir o Concello, procedendo en función do seu estado e datos disponibles, a facer unha valoración da inversión da construción e instalacións sinalando o seguinte:

(...) para poder calcular o custe da construción partimos de dos datos obtidos a través de precios de venda efectuados no ano 73, polo equipo Eptisa, referente o precio en venda de vivendas oficiais en Galicia, e outro precio en venda de vivenda unifamiliar en venda para Galicia, no ano 80, según fonte M.O.P.U., para elo deducimos o valor de suelo, aplicamos coeficientes correctores sobre tipoloxía, e debido a falta de datos nos índices de costes no sector de construción para esas datas, asimilamos para axustar o ano de concesión en construción o edificio os índices de precios o consumo que dispon a páxina Web do Instituto nacional de estadística. Posteriormente engadimos un % sobre a construción que corresponde as instalacións de funcionamento. Co cal obtemos un valor de construción e posta en funcionamento da edificación.

A todo elo engadimos o gasto correspondente o canon a pagar, como según o dato aportado polo departamento administrativo de patrimonio, corresponde un gasto para o ano 2013 de un total de canon de 2.778,32 €utos, o cal o solo dispor de o mesmo procedemos a aplicarlle a desviación que nos facilita a tabla de índice de precios o consumo do INE, entre o ano 76 e o actual, obtemos un canon medio e o aplicamos a totalidade do tempo transcurrido. E consecuetemente, obtemos un valor de inversión según o esquema de folia actual.

Cuadro de valoracións segundo explicación.

	valor venta	deducion suelo	correccion tipol	actualizacion año 76	valor medio	cost. Contruc	instalaciones	total valor investio	Valor €uros
Año 73	8.309,00	6.813,38	10.220,07	13.837,97					
Año 80	33.044,00	24.122,12	19.297,70	16.596,02					
					15.217,00	14.144.502,74	2.121.675,41	16.266.178,16	97.759,35
	canon act.	canon in. IPC			canon media				
canon	2.778,32	307,68			1.543,00				58.633,94
<b>TOTAL</b>									<b>156.393,29</b>

En consecuencia obtemos un valor de inversión total de 156.393,29 €uros, o cal considero que comercialmente esta totalmente amortizado no tempo dende a adxudicación a data de hoxe.”

Asi mesmo, pola Tesoureria municipal, emitíuse certificación das deudas que a data 14.10.2013 mantiña pendente de ingreso D<sup>a</sup> Caridad Falagan Garcia en relación a concesión administrativa polo restaurante da praia de Samil, e que acenden a cantidade de 59.904,59 euros ( cantidade que incrementaranse polas recargas, xuros de mora e costas de procedemtno de constrinximento que devenguen ata a data do ingreso).

**CUARTO.-** No tramite de audiencia otorgada a Comunidade de Herdeiros de D<sup>a</sup> Caridad Falagan Garcia, dandolle traslado dos informes emitidos e concedendolle prazo para formulación de alegacións e presentación daquela documentación que en defensa dos seus intereses tivera por convinte, foron formuladas por esta en data 25.10.2013, manifestando sua disconformidade co resultado da valoración do inmovible e bens concesionais obxeto de reversión o estimar que no se tivo en conta a fianza definitiva depositada, debendose proceder a unha compensación da débe-

da polo importe desta; que o falecemento da concesionaria produxose tres anos e tres meses antes da finalización da concesión, polo que non púdoase amortizar completamente a inversión da construción feita; e que o edificio, aínda precisando dunha reforma interior para seu aproveitamento todavía resulta util. Solicitase pola mesma unha nova valoración do inmovible, a partir do orzamento de obra polo que foille adxudicada a concesión no ano 1976.

Do examen do contido de ditas alegacións, procede facer as seguintes consideracións:

A).- En primeiro termo, resulta necesario entrar na cuestión plantexada sobre a fianza depositada e a solicitude de compensación. Na cláusula XXIV do Prego de Condicións, estableceiase a obriga do adxudicatario do concurso de constituir inicialmente unha fianza definitiva de 2404.05 euros, en calquera das formas admitidas pola lei, para garantir o cumprimento das estipulacións contidas no prego de condicións, e a efectividade das responsabilidades que poideran derivarse da construción, instalacións, xestión e explotación dos restaurantes da praia de Samil. Consecuentemente, dita fianza definitiva, foi constituída en garantía do cumprimento das obrigas concesionais, entre outras a reversión dos terreos, construcións, edificios, instalacións, e demais bens sinalados na cláusula VII do prego, que deberan ser entregados o Concello o remate da concesión, ou o pago do canon concesional (cláusula XII) dispoñéndose expresamente nesta cláusula a súa afectación a dito pago.

Polo tanto a devolución da fianza, unha vez resolta e liquidada a concesión, veñe vencellada o cumprimento desas obrigas, non tendose producido nin a recepción formal dos bens e inmovible obxeto de reversión mediante a súa entrega pola interesada (a pesar de terse requerido o efecto) nin o aboamento das débedas contraídas con cargo a concesión. No que atinxe a posible compensación desas debidas co importe da fianza, non resulta admisible xa que, como queda dito, esta actúa como garante e responde polo cumprimento do conxunto das obrigas que a concesionaria asume coa concesión administrativa, e non solo polo canon ou debidas de carácter tributario, para o que preveese dita facultade e regula o correspondente procedemento a Ordenanza Fiscal do Concello.

B).- Noutro orden, en canto o alegado sobre a necesidade de realizar unha nova valoración do inmovible obxeto de reversión, foi rexeitada no informe do aparelador dos servizos técnicos da XMU en data 11/11/2013, en base a que: (...) no escrito de alegacións presentado non se xustifica, (mediante movementos de caixa ou documento legal) en ningún momento si o valor global a data de hoxe esta amortizado ou non, tanto no caso de tomar o valor de construción que se declara polo alegante, como na valoración efectuada no informe de data 7/10/2013 obrante no expediente, que en dito informe si se estima que o valor de inversión a data actual entendese totalmente amortizado. Polo tanto non vexo a necesidade de realizar unha nova valoración, xa que según o alegante tendo en conta que o valor de construción é menor que o indicado no informe de data 7/10/2013 que consta no expediente, a data de hoxe a amortización do ben esta cumprida.

QUINTO.- Consecuentemente co exposto, e a teor do resultado da instrución do procedemento liquidatorio seguido, procede aprobar a liquidación da concesión declarada resolta por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión do 13/09/2013, por un importe de 56.904,59 euros a que ascenden as débedas contraídas pola concesionaria consonte a certificación da tesourería municipal de data 14.10.2013, correspóndelle a Xunta do Goberno Local, no exercizo das súas competencias que lle atribue a normativa reguladora das Entidades Locais, adoptar o acordo aprobatorio.

En mérito ó que antecede propónse à Xunta do Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

*“PRIMEIRO- Aproba-la liquidación da concesion administrativa outorgada o 30 de agosto de 1976, a D<sup>a</sup> Caridad Falagan García para a construción e explotación dun restaurante 2-M-3, na praia de Samil, resultando un saldo debedor da concesionaria por importe de 56.904,59 €.*

*SEGUNDO.- Requerir á Comunidade de Herdeiros de D<sup>a</sup> Caridad Falagan García para que nun prazo de trinta días procedan ó ingreso na tesourería municipal do importe da liquidación aprobada (actualizado a data de ingreso).*

*TERCEIRO.- Reiterar a Comunidade de Herdeiros de D<sup>a</sup> Caridad Falagan García a obriga de entrega e posta a disposición desta Administración municipal da parcela 2-M-3, na praia de Samil, xunto coas súas instalacións, otorgandoselle un novo prazo de 10 días para seu cumprimento, con apercibimento noutro caso de execución do lanzamento por medios municipais, correndo do seu cargo os gastos que se orixinen.*

*CUARTO.- Dar traslado do presente acordo a Comunidade de Herdeiros de D<sup>a</sup> Caridad Falagan García, Intervención Xeral, Tesourería e demais servizos municipais que procedan.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1337).- LIQUIDACIÓN DE INTERESES NA EXECUCIÓN 72/2012, CORRESPONDENTE AO PROCEDIMENTO 244/2010 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3, DE VIGO (M<sup>a</sup> DEL CARMEN CORES OTERO, M<sup>a</sup> JOSÉ PÉREZ DURÁN, M<sup>a</sup> TATIANA NÚÑEZ VÁZQUEZ E ALEJANDRA M<sup>a</sup> SOUSA FERNÁNDEZ). EXPTE. 24592/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.11.13, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 12.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Con data 7 de novembro de 2013, dictase resolución polo Xulgado do Social Nº 3 de Vigo, polo que se comunica a liquidación de intereses practicada na execución 72/2012, sendo demandante D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Cores Otero, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Gloria Pérez Durán, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Tatiana Núñez Vázquez e D<sup>a</sup> Alejandra María Sousa Fernández en relación co procedemento 244/2010 en materia de despedido.*

*En dita resolución cuantifícanse os intereses que ascenden a 9.0342,42 €, pero existindo un saldo na conta do expediente no Xulgado requírese ao Concello para que consigne a diferenza de 5.632,44 € necesaria para completar a cantidade total devengada.*

*Dita execución 72/2012 correspondense ao procedemento 244/2010 relativo a demanda de despedido presentada por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Cores Otero, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Gloria Pérez Durán, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Tatiana Núñez Vázquez e D<sup>a</sup> Alejandra María Sousa Fernández, sendo executada a readmisión por resolución de data 18 de maio de 2011 e na parte referente a cantidades por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de decembro de 2012.*

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra "Dèfense de l'esprit des lois" (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais por importe de 5.632,44 € con cargo a partida 92201410000 "indemnizacións por sentenzas xudiciais".

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Unico.- Dar cumprimento a providencia do Xulgado do Social nº 3 de Vigo, na execución 72/2012, procedéndose ao abono da cantidade de 5.632,44 € en concepto de resto de intereses non aboados unha vez efectuada a oportuna liquidación, na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia na conta nº 0030 1846 42 0005001274 co concepto 3628 0000 64 007212.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo



de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(1338).- EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, DE 22/05/2013, ESTIMATORIA PARCIAL DA PRETENSIÓN EXERCITADA POR DA. SILVIA TABOADA GONZÁLEZ EN RELACIÓN Á OEP 2008 (ADMINISTRATIVOS DE ADMÓN. XERAL-QUENDA PROMOCIÓN INTERNA). EXPTE. 24322/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.11.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

*1.- En sentenza nº 29, de 29 de xaneiro, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo resolveu o recurso contencioso-administrativo (p.a.) nº 90/2012, interposto por Dª Silvia Taboada González contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/01/2012.*

*O fallo da citada resolución xudicial contempla literalmente:*

*“Debo estimar y estimo parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por Dª Silvia Taboada González, frente al Concello de Vigo, seguido como proceso abreviado número 90/2012 ante este Juzgado, contra el acto administrativo citado en el encabezamiento, que no se considera acorde al ordenamiento jurídico, por lo que se anula.*

*En consecuencia, ordeno la retroacción de las actuaciones al momento justo anterior a la valoración de la formación, para que por parte del órgano evaluador se proceda a computar –a todos los participantes en el proceso selectivo- el curso analizado en esta resolución; y se coloque a la actora en la posición que legítimamente le correspondía, efectuando la propuesta de nombramiento conforme al resultado así obtenido”.*

*2.- Confirmada a citada sentenza en apelación polo TSXG, con data 8 de agosto de 2013 a Xunta de Goberno Local adoptou acordo dispoñendo a execución da sentenza (expediente administrativo nº 24.322/220).*

*3.- O órgano de selección convocado ao efecto, en sesión de 2/20/2013, procedeu a dar cumprimento ao contido da sentenza, retrotraendo as actuacións ao momento anterior á valoración da formación dos participantes, acordando o cesamento de funcionario nomeado D. Odilo González Moqera e o nomeamento de dª Silvia Taboada González, aos efectos do cal acordou outorgar aos aspirantes un prazo de dez días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación da acta para presentación de alegacións.*

*4.- Polo Rexistro Xeral remítese con data 18/11/2013 certificación na cal se indica:*

*“Que durante o prazo sinalado na acta da sesión do 02.10.2013 do Órgano de Selección designado para o proceso selectivo para a provisión de 14 prazas de administrativo-a de administración xeral da O.E.P. do ano 2008 (quenda de promoción interna), que estivo exposta no Taboleiro de Anuncios deste Concello de Vigo dende o 3-10-2013 ao 14-10-2013, non se presentou ningunha alegación.”*

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignen; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.*

*II.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118); en idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.*

*III.- Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.*

*IV.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación das actuacións propostas polo órgano de selección, de conformidade co establecido no artigo 127.1. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local; aos efectos do cal, e segundo o teor da proposta formulada polo órgano de selección designado para o proceso selectivo destinados á realización dos procesos selectivos convocados para a provisión de 14 prazas de administrativo de administración xeral (quenda de promoción interna) incluídos na OEP 2008, pola presente, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, efectúase a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*“Primeiro.- Prestar conformidade á proposta efectuada polo órgano de selección designado por acordo da Xunta de Goberno Local de 08/08/2013 (expediente administrativo nº 24.322/220) para a realización das actuacións ordenadas por Sentenza nº 29/2013, de 29 de xaneiro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso contencioso-administrativo (p.a.) nº 90/2012, interposto por D<sup>a</sup> Silvia Taboada González, e en consecuencia, segundo teor literal da proposta, dispoñer o seguinte:*

*“Nomear a D<sup>a</sup> Silvia Taboada González, con DNI 36116263-F, como funcionaria de carreira da subescala administrativa, escala de administración xeral, grupo C de titulación, subgrupo C1,*

tendo obtido a puntuación total de 28,32, ocupando o posto nº 12 da lista de opositores que superaron o proceso selectivo, desprazando a Dona Carolina Vicente Rodríguez, con DNI 36080915-X ao posto nº 13 e a Don Odilo Mosquera Carballo, con DNI 34980777-P, ao posto nº 15.

Anular o nomeamento de D. Odilo Mosquera Carballo, con DNI 34980777-P, como funcionario de carreira da subescala administrativa, escala de administración xeral, grupo C de titulación, subgrupo C1, tendo obtido a puntuación total de 28,22, ocupando o posto nº 15 da lista de opositores que superaron o proceso selectivo, non resultando aprobado por obter unha puntuación inferior ao número de prazas convocadas.”

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa, a través do Servizo do Contencioso da Asesoría Xurídica Municipal do Concello, aos funcionarios/as afectados/as polo fallo da sentenza, Intervención Xeral Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Negociado de Seguridade Social) e Comité de Persoal aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo, que ten natureza xurídica e procedimental de acto de trámite, en cumprimento de resolución xudicial firme, únicamente caberá a interposición de recurso potestativo de reposición nos supostos previstos no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación do mesmo, sen prexuízo de calquera outro que, en vía xurisdiccional, estimen procedente en defensa dos seus dereitos.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(1339).- RECLAMACIÓN PREVIA EN MATERIA DE DIFERENCIAS SALARIAIS PRESENTADA POR DA. SUSANA BERNARDEZ FERNÁNDEZ, DA. ROSA BARANDELA VÁZQUEZ E DA. PATRICIA VILLAR POSADA (CENTROS CÍVICOS). EXPTE. 24576/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 19.11.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- En escrito de data 16/10/2013 (documento nº 130120525) D<sup>a</sup> Susana Bernárdez Fernández, con DNI 36.069.513-Q, D<sup>a</sup> Rosa Barandela Vázquez, con DNI 76.702.907-T e D<sup>a</sup> Patricia Villar Posada, con DNI 36.110.311-N, presentan reclamación salarial derivada da presunta prestación de servizos nos centros cívicos de Teis, Casco Vello e Saiáns, xestionados polo Servizo de Participación e Atención Cidadá.

As reclamantes carecen de vínculo xurídico algún co Concello de Vigo (tanto en réxime administrativo como laboral), carecendo igualmente da condición de persoal ao servizo do sector público local de Vigo en algunha das modalidades previstas na Lei 7/2007, di 12 de abril, do Estatuto

*Básico do Empregado Público, e por tal motivo, non se someten aos sistemas de control de presenza horaria –obrigatorios para os empregados/as públicos municipais- nin constan na xestión de permisos, vacacións e licenzas do persoal municipal, tal e como constan en informe-proposta deste Servizo de 15/05/2013.*

*As reclamantes manifestan e recoñecen no texto da reclamación salarial formulada manter un vínculo contractual laboral coa empresa “IMESAPI, S.A.”*

*2.- En data 21/10/2013 foi solicitado informe á Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá, informe que foi emitido en data 25/10/2013 e que obra incorporado ao presente expediente administrativo, á vista do cal procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.*

*Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamiento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.*

*II.- En canto ao obxecto da reclamación salarial que conforma o fondo do asunto, debe terse en conta -como consideración preliminar e dada a pretensión de laboralidade subxacente- que o marco normativo de aplicación ao emprego público vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que regula detalladamente os sistemas de acceso ao emprego público, que deberán en todo caso respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade dacordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).*

*A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14.*

*Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.*

*En consecuencia, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non ten sucedido no presente suposto, sen prexuízo daquelas pretensións de declaración da existencia de vínculo laboral que podan ser sustanciadas en sede xurisdiccional laboral.*

*Adicionalmente, o réxime retributivo do persoal ao servizo do sector público local vén legalmente configurado e limitado na Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do estado para o ano 2013, no cal se establece a determinación das retribucións do persoal –funcionario e laboral- ao servizo do Concello de Vigo, e que en suposto algún abarca ao persoal ao servizo das sociedades mercantís privadas que, eventualmente e no marco da lexislación reguladora dos contratos das Administracións Públicas, podan encargarse da xestión de servizos públicos.*

III.- No informe emitido pola Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá en data 25/10/2013 sinálase literalmente que:

*“Con data 23 de outubro de 2013 a xefa de recursos humanos solicita informe con relación á reclamación previa de diferencias salariais presentada por D<sup>a</sup> Susana Bernárdez Fernández, D<sup>a</sup> Rosa Barandela Vázquez e D<sup>a</sup> Patricia Villar Posada, conforme ao exposto na reclamación previa, INFORMO:*

*1.- As interesadas estiveron ata o pasado 31/07/2013 contratadas pola empresa Ime-sApi Movilidad S.A., para o desenvolvemento dos servizos de atención ao público e conserxeríanos seguintes centros cívicos municipais:*

*D<sup>a</sup> Susana Bernárdez Fernández no Centro Cívico Municipal de Teis.*

*D<sup>a</sup> Rosa Barandela Vázquez no Centro Cívico Municipal do Casco Vello.*

*D<sup>a</sup> Patricia Villar Posada no Centro Cívico Municipal de Saians.*

*2.- As funcións que desenvolven son as establecidas no prego de cláusulas técnicas aprobado na convocatoria para a “Contratación de Servizo de atención ó público e conserxería dos catro centros cívicos dependentes da concellería de Participación Cidadá situados no Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, e que son as seguintes:*

- Utilización das aplicacións informáticas correspondentes a cada Unidade, e máis especialmente os paquetes ofimáticos estándar (tratamento de textos, folia de calculo, base de datos, etc).*
- Tratamento da información en xeral: ordenador, mecanografía, realizando as correccións ortográficas necesarias.*
- Confección e manexo de ficheiros, comprobación de direccións, etc. Manexo de máquinas de rexistrar, copiar, reproducir, microfilm, clasificar, encadernar, cortar, destruír, sellar, ensobrar, expedir, etc.*
- Vixilancia e control de accesos a instalacións municipais, atendendo a visitantes e cidadáns en xeral sobre temas relacionados coa dependencias, así como atención telefónica e telemática.*
- Ofrecer información sobre ás actividades culturais, lúdicas e festivas organizadas polo Concello ou entidades públicas ou privadas.*
- Manter os expositores con Información turística, de emprego, etc.*
- Franqueo, ensobrado, clasificación, entrega, recollida, transporte e distribución de correspondencia e paquetería; manexo de fotocopiadoras, fax, encadernadoras e outras máquinas sinxelas de oficina.*
- Recollida, transporte e reparto de documentos, expedientes, aparellos, etc. dentro do centro; colocación e retirada de documentos en taboleiros de anuncios ou similares.*
- Custodia e manexo das chaves das distintas oficinas e despachos; apertura e peche de portas, fiestras, luces, calefacción e outros fluídos, así como preparación de aulas ou salas.*
- Revisión de instalacións internas e externas. No caso de avaría ou desperfecto que requira intervención profesional, comunica-lo ó servizo de Atención Cidadá para a súa resolución.*
- Prendido, control e apagado de calefacción.*
- Coidar do perfecto estado do material e ferramentas que necesite para realiza-las súas funcións.*
- Cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos.*
- Todas aquelas que teñan acomodo polas funcións propias do posto.*

3.- Que dende o inicio do contrato e conforme se establecía no mesmo a persoa responsable de xestión do servizo que actuó como interlocutor co Concello de Vigo é D. Jose Antonio Miguez Bastos e no seu caso D. Ramón Comesaña Alonso.

4.- Que esta xefatura como responsable do servizo xestor do contrato, ten procurado exercer a facultade de dirección e inspección do cumprimento do contrato conforme establece a cláusula 8 do Prego de Cláusula administrativas particulares para a contratación de servizos polo Excmo. Concello de Vigo, no que entre outros partados establece que "A Administración goza das máis amplias facultades de comprobación, dirección e inspección acerca do servizo. En consecuencia coas súas facultades do párrafo anterior, a Administración, en canto teña relación co servizo contratado, poderá recabar do contratista a documentación e información que estime oportuna, de calquera orden; poderá establecer os sistemas de control de calidade a empregar e levar a cabo as inspeccións que estime pertinentes, de toda índole; así como está facultada para dictar as disposicións oportunas para o estrito cumprimento do convindo".

5.- Con relación ao apartado SEGUNDO, subapartado 2, se inserta no mesmo un aspecto novedoso con relación a reclamacións anteriores, relacionado coa presunta selección das reclamantes por esta xefatura, ao que debo iniciar:

- O funcionario asinante deste informe, non tivo, nin ten ningún tipo de relación contractual con ningunha das empresa adxudicatarias dos contratos de conserxería e atención público nos centros cívicos municipais, e non ten participado en ningún proceso de selección das mesmas relacionado coa prestación dos servizos contratados.

6.- Con relación ao apartado SEGUNDO, subapartados 4 e 5, a adxudicación do servizo non establecía a necesidade de que por parte da empresa adxudicataria se dotase de medios distintos aos existentes no distintos centros cívicos municipais.

7.- Con relación ás vacacións, permisos e baixas, as mesmas son resoltas pola empresa adxudicataria do servizo, conforme estable o prego de cláusulas técnicas:

- Os cambios de persoal, motivados polos períodos de vacacións, deberanlle ser comunicados ó responsable municipal do servizo, cunha antelación, de cando menos, 15 días. Os derivados de baixa por enfermidade ou baixas voluntarias deberán ser comunicados á maior brevidade posible. Calquera outro cambio non incluído nos dous grupos anteriores, deberá solicitar autorización, por escrito, cunha antelación mínima de 15 días e deberá ser autorizado polo responsable municipal do servizo.

8.- O Concello de Vigo, non ten impartido formación para o desenvolvemento das súas actividades, as interesadas.

9.- Os enderezos electrónicos utilizados son xenéricos e non personalizados ([camcascovello@vigo.org](mailto:camcascovello@vigo.org), [camteis@vigo.org](mailto:camteis@vigo.org) e [camsaians@vigo.org](mailto:camsaians@vigo.org)).

10.- Na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), non consta ningún nome relacionado coa prestación de servizos nos centros cívicos municipais, nin de ningún outro servizo de Participación Cidadá.

11.- A xestión do Banco de Tempo, aínda que inicialmente foi posto en marcha mediante o programa de Cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo, a xestión do mesmo ten a mesma finalidade que a de calquera outra actividade que se desenvolva nos centros, tanto xestionadas directamente polo polo Concello de Vigo, como por entidades sin ánimo de lucro, ou cidadás.

12.- Puntualmente e como resultado da aprobación de proxectos destinados a mulleres vítimas de violencia de xénero, e dentro dos programas de cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo, cara a formar de xeito teórico e profesionalmente a estas mulleres, na prestación de servizos de apoio a cidadanía en tarefas que non precisaran dunha especialización determinada por parte das traballadoras, estiveron prestando os servizos nos centros, pero sempre baixo a dirección a todos os efectos do servizo de Emprego O nomeamento dunha coordinadora, entre o persoal da empresa ImesApi, se realizou a solicitude desta xefatura, motivada polas reiteradas chamadas desde os centros cívicos municipais ao persoal do servizo de Participación Cidadá, e coa finalidade de garantir e mellorar un nivel de reposta axeitado ás necesidades dos usuarios e usuarias dos centros cívicos municipais, reiterando a necesidade de realizar todas os contacto con servizo xestor a través da mesma.

13.- A raíz da comunicación da empresa ImesApi, do nomeamento dunha coordinadoras entre o seu persoal adscrito aos centros cívicos municipais, esta xefatura, procurou non responder a ningunha chamada, correo electrónico ou calquera outro medio, que non fora realizado pola coordinadora, a pesar dos intentos reiterados realizados por algunha das demandantes.

14.- Por último e con relación a reclamación de cantidades por equiparación aos tres postos de Administrativo, do servizo de Participación Cidadá, conforme a RPT correspondente ao ano 2010, salvo mellor criterios non son equiparables as funcións determinadas na guía de funcións para o posto, así como os coñecementos necesarios para o acceso á función pública da plaza de Administrativo de Admon. Xeral, coas funcións desenvolvidas polas demandadas nos centros cívicos municipais.

O servizo Participación e Atención Cidadá, como xestor do contrato, se ten rexido en todo momento polo establecido no prego de prescricións técnicos que establecen no seu apartado 4 "Características do servizo", entre outras que "A empresa adxudicataria será a encargada de desenvolver os traballos encomendados baixo os criterios sinalados polo Concello de Vigo, de manter actualizada a axenda diaria e toda aquela información de carácter externo ó Concello e validar a información, recoller as queixas e suxestións que se realicen, recoller e entregarlle periodicamente ó responsable municipal do servizo as estatísticas, realizar as enquisas que se estimen oportunas; pasar parte ó responsable municipal de cantas incidencias puideran derivarse da xestión diaria, mantendo en todo momento unha liña de comunicación co Concello fluída e transparente. Tamén deberá dar conta detallada das quendas de traballo e calquera modificación destas, atendendo neste punto as recomendacións do Concello."

O que se informa aos efectos oportunos."

A propia xefatura do servizo sinala ao longo do seu informe a ausencia de relación entre a categoría profesional cuxas retribucións pretender percibir as reclamantes –administrativo/a de Administración Xeral- e as funcións efectivamente desempeñadas polas mesmas para a súa empregadora IMESAPI, S.A.

Polo que afecta á pretensión de laboralidade relacionada coa reclamación salarial formulada, réitérase a precisión de que a Xurisprudencia emanada dos órganos xurisdiccionais laborais (especialmente ilustrativa a este respecto, vid. STS de 14 de marzo do 2006; STSXG do 20 de novembro do 2005, entre outras) establece, en canto á cesión ilegal de traballadores, que ésta "constitúe un fenómeno complexo, en virtude do cal o empresario real, que incorpora a utilidade patrimonial do traballo e exerce efectivamente o poder de dirección, aparece substituído no contrato

de traballo por un empresario formal..."(STS do 20 de xullo do 2007); igualmente, recentes resolucións xudiciais dictadas pola xurisdicción social en supostos de similares reclamacións fronte ao Concello de Vigo en concepto de cesión ilegal de traballadores desestiman as mesmas, principalmente por estimar que (Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, dictada en autos p.o. 1039/2011, interposta por D. Guillermo González Domínguez contra EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., e o CONCELLO DE VIGO en concepto de cesión ilegal de traballadores; fundamento xurídico 3º):

"1.- Se ben existe un negocio xurídico de concretación entre cedente e cesioanria para facilitar persoal –un convenio de colaboración de carácter administrativo- non concorren os requisitos de empresario formal e contrato de traballo formal, porque as dúas entidades son reais, con actividade e obxecto social propios, e dende logo o contrato de traballo do demandante é real e por quen de verdade exerce as labours de empresario.

2.- A empresa EULEN facilita os elementos esenciais da prestación do servizo, pero a dirección funcional e o planeamento dos servizos terapéuticos deben ser levados a cabo por técnicos do Concello en coordinación do SERGAS, aínda que é normal que se utilicen medios materiais postos a disposición pola Xunta.

3.- Os traballos que realiza o demandante son de tipo auxiliar e persoal, e que deben ser obxecto de externalización pola Administración (.....)

4.- É igualmente razoable que os medios de produción esenciais para a explotación e realización do servizo pertencen á entidade principal, porque o importante nos supostos de outsourcing é o servizo auxiliar que se ofrece, non os medios que poidan adquirirse ou alugarse. Así ven facilitado pola Lei 30/2007, de contratos do sector público, que permite este tipo de convenios administrativos. Un servizo tan especial e específico como un centro de atención a drogodependentes debe poder ser externalizado pola Administración, posto que require da implicación dalgunha entidade que expresamente poña a disposición persoal para facilitar o cumprimento deste servizo social, co persoal adecuado, que non necesariamente debe pertencer á Administración como funcionario ou como persoal laboral (.....)".

As prestacións obxecto do contrato xestionado polo Servizo de Participación e Atención Cidadá, segundo se detalla no informe da xefatura do servizo de data 25/10/2013, en ningún suposto implican o exercicio de potestades ou funcións reservadas exclusivamente a funcionarios públicos (vid. artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou conlevan a necesidade de recurrir a persoal laboral, tendo carácter limitado no tempo a súa execución, e sendo susceptibles de externalización segundo a lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas (NOTA: ata o 16/11/2011 rexía a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, norma aplicable aos contratos administrativos mencionados, rexendo a partires desa data o Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

En igual senso se pronuncia a Sentenza do Xulgado do Social nº1 de Vigo, dictada en autos do p.o. 831/2011, interposto por María Carmen Alonso Costas e 12 máis contra a FUNDACIÓN ALDABA e o CONCELLO DE VIGO, en cuxo fundamento xurídico primeiro, in fine, se sinala que:

"Por tanto, non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontrata dun servizo do Concello, que como tal controla a actividade cedida...(....) a Fundación demandada é unha empresa real con medios materiais, con estrutura, que aportou medios materiais para realizar a labor subcontratada, que exerce poder de dirección, etc, por tanto non estamos



*ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontratación permitida polo artigo 42 do Estatuto dos Traballadores, polo que debe desestimarse a demanda”.*

*V.- A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos, como xa se sinalou con anterioridade, atopábase prevista no momento de adxudicación na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que establecía no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinalaba que “non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos” (apartado 1) para salientar de seguido que “á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante” (apartado 4).*

*VI.- A doutrina xurisprudencial dos actos propios, amplamente consolidada polo Tribunal Supremo (a título exemplificativo, vid. STS 27 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1982), na que se explicita que, conforme ao que a Sala ten reiteradamente declarado, entre outras en SSTS de 31 de xaneiro de 1995 (RJ 1995, 291) e 30 de setembro de 1996 (RJ 1996, 6824) e 24 de abril de 2004) concrétese no feito de que ninguén pode ir contra os seus propios actos, de xeito tal que toda pretensión formulada dentro dunha situación litixiosa por unha persoa que anteriormente realizase unha conduta incompatible con dita pretensión, debe ser desestimada.*

*Doutrina que ten as súas orixes no principio nemo potest contra proprium actum venire.*

*Toda vez que as reclamantes tiñan pleno coñecemento e capacidade —e obriga legal de telo, nos termos do principio xeral de que “a ignorancia das leis non excusa do seu cumprimento” recollida no artigo 6 do Código Civil- no momento de formalización dos seus contratos laborais coa súa empregadora do carácter, contido, obxecto e alcance do mesmos, non parece de recibo que se exercite agora a pretensión de recoñecemento dun vínculo laboral contractual inexistente, nin de unhas presuntas diferenzas retributivas, cando o salario pactado coa súa empregadora IME-SAPI, S.A. continúa circunstancia allea a esta Administración Pública.*

*VIII.- Debe considerarse especialmente que o lexislador estatal, sendo consciente das desfavorables consecuencias que para as Administracións Públicas xenera o acceso ao emprego público de xeito irregular mediante sentencias xudiciais de indefinición da “relación laboral” -máxime no actual contexto económico de racionalización e contención do gasto público esixido polas autoridades económicas da Unión Europea e pola situación económica existente- estableceu no Real Decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, contemplou un apartado específico, denominado “Medidas en relación coas empresas de servizos contratadas polas AAPP” (Disposición Adicional Primeira), aos efectos de que, no ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, se proceda a dictar instrucións para a correcta execución dos servizos que se teñan contratado, de xeito que quede clara a relación entre os xestores da Administración e o personal da empresa contratada, evitando actos que puidesen considerarse determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.*

*A tales efectos, por parte do Servizo de Recursos Humanos déixase constancia do feito de que a Xunta de Goberno Local, como órgano responsable da xestión do persoal municipal, debería adoptar as medidas oportunas para a adecuada concienciación das xefaturas das Áreas e Servizos da necesidade e imperatividade legal de actuación consonte ao marco da eficiencia na prestación do servizo público ao seu cargo, debendo ter sempre presentes o pleno sometemento á Lei e ao Dereito ao que a actividade administrativa está suxeita por imperativo constitucional (artigo 103 da Constitución de 1978) entre outros principios igualmente relevantes como os de obxectividade, eficiencia ou xerarquía.*

O contrario podería e debería conlevar a aplicación do réxime previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

En xusta coherencia co antedito, a reclamación salarial formulada debe ser desestimada.

IX.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Desestimar a reclamación salarial formulada en escrito de data 16/10/2013 (documento nº 130120525) por D<sup>a</sup> Susana Bernárdez Fernández, con DNI 36.069.513-Q, D<sup>a</sup> Rosa Barandela Vázquez, con DNI 76.702.907-T e D<sup>a</sup> Patricia Villar Posada, con DNI 36.110.311-N, nos termos do informe emitido pola Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá de data 25/10/2013 e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe xurídico que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso), Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(1340).- VALIDACIÓN DE GASTOS DERIVADOS DA COBERTURA DA PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES-INDEMNIZACIÓN SUSTITUTIVA A FAVOR DE GENERALI SEGUROS, S.A. EXPTE. 24573/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.11.13, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 14.11.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- En data 24/09/2013 (documento administrativo nº 130109419) foi presentado por ARTAI CONSULTORES DE SEGUROS no Rexistro Xeral do Concello de Vigo factura por importe de 83.758,13 euros, emitida por GENERALI ESPAÑA, S.A., de Seguros e Reaseguros, con domicilio social na C/ Orense, nº 2, CP 28.020 (Madrid) derivados da cobertura do seguro de vida e accidentes do persoal municipal.

2.- Por Resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data de sinatura 19/08/2013 acordouse:

*“Primeiro.- Ordenar que polo Servizo de Recursos Humanos se proceda á realización daqueles trámites administrativos encadrados no seu ámbito competencial tendentes á formulación de proposta de contratación do seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo, motivado no escrito do Sr. Xefe da Área de Contratación de data 13/08/2013, sen prexuízo das competencias propias do Servizo de Contratación, en todo caso encargado da xestión da contratación indicada.*

*Segundo.- Incoar expediente administrativo para a elaboración de proposta de contratación de seguro de vida e accidentes do persoal ao servizo do Concello de Vigo, próximo ao seu vencemento, segundo comunicación, á data de onte, 13/08/2013, da Área de Contratación.*

*Terceiro.- Dispoñer que polo Servizo xestor do contrato vixente (Patrimonio) se proceda á remisión, á maior brevidade posible, de copia do contrato en vigor e próximo ao vencemento ao Servizo de Recursos Humanos, para incorporación ás actuacións que no ámbito deste último Servizo podan realizarse no concreto asunto a partires da data da presente resolución.”*

*O dito expediente, con número asignado 24.360/220, está actualmente en tramitación no Servizo de Contratación para licitación da prestación indicada.*

*3.- Dado que o vencemento do contrato tiña carácter inminente, no mesmo 14/08/2013 o Sr. Concelleiro-delegado ordenou trasladar á correduría de seguros ARTAI, S.A a necesidade de xestionar que o persoal municipal non se vise privado da cobertura proporcionada pola póliza de seguro vixente, mentres se procedía á tramitación administrativa da contratación pública indicada.*

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

*I.- No ámbito material da institución do recoñecemento extraxudicial de créditos, pode afirmarse que non existe unha regulación detallada no noso ordenamento xurídico ao respecto; nembargantes, existe una serie de normas de referencia que resultan susceptibles de ser aplicadas para o caso concreto, e que son:*

- Artigo 172.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece que “los créditos para gastos se destinarán exclusivamente a la finalidad específica para la cual hayan sido autorizados en el presupuesto general de la entidad local o por sus modificaciones debidamente aprobadas”.*
- Artigo 173.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no cal se sinala que: “no podrán adquirirse compromisos de gastos por cuantía superior al importe de los créditos autorizados en los estados de gastos, siendo nulos de pleno derecho los acuerdos, resoluciones y actos administrativos que infrinjan la expresada norma, sin perjuicio de las responsabilidades a que haya lugar”.*
- Artigos 176 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 26 do Real Decreto 500/1990, que recolle que: “con cargo a los créditos del estado de gastos de cada presupuesto sólo podrán contraerse obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año natural del propio ejercicio presupuestario. No obstante lo dis-*

*puesto en el apartado anterior, se aplicarán a los créditos del presupuesto vigente, en el momento de su reconocimiento, las obligaciones siguientes:*

- a) Las que resulten de la liquidación de atrasos a favor del personal que perciba sus retribuciones con cargo a los presupuestos generales de la entidad local.*
- b) Las derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en ejercicios anteriores, previa incorporación de los créditos en el supuesto establecido en el artículo 182.3.", engadindo o art. 26.2 c) do RD 500/1990 a "las obligaciones procedentes de ejercicios anteriores a que se refiere el artículo 60.2 (LA LEY 1180/1990) del presente Real Decreto."*

*II.- A figura xurídica do recoñecemento extraxudicial de créditos xurde da reiterada xurisprudencia emanada dos Xulgados e Tribunais, que entendeu como a denegación da aprobación das facturas correspondentes a gastos que vulnerasen a prescripción do transcrito artigo 173.5 do xa citado rd lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (trrl) que serían de imposible convalidación (artigo 67 da lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común) orixinando, en consecuencia, un enriquecemento inxusto para a administración, e que conclúe a obriga desta de proceder ao pagamento do que se entende debido. esta doutrina foi recollida na actual lexislación orzamentaria local, aínda que únicamente mediante as citas antes precisadas.*

*Non obstante, e aínda podéndose considerar os máis frecuentes, ditos casos non son os únicos, debendo acudirse ao establecido no artigo 62 da mencionada Lei 30/1992; así, serían nulos de pleno Dereito os actos ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, ou carecendo das normas esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados, o que non impediría o enriquecemento inxusto por parte da Administración, de percibir ésta a prestación e desenvolverse polo contratista de boa fe (v. SSTs de 28.04.2008 (FX 4º) e de 18.07.2003, entre outras)*

*De calquera xeito, debe indicarse que cabería distinguir entre aqueles supostos de gastos contraídos en virtude de actos nulos, e aqueles que se adquiren mediante actos anulables, que poderán ser convalidados subsanando os seus vicios (artigo 67 Lei 30/1992).*

*III.- A Base 28 das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o presente exercicio económico 2013 establece que os expedientes de gasto que non sexan obxecto da correspondente tramitación, autorización e fiscalización, e consecuentemente o recoñecemento das débedas a que dean orixe, e incluso as débedas adquiridas fóra de calquera procedemento, así como as nadas fora do orzamento, serán obxecto de indemnización substitutiva e recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno da Corporación se non existise crédito adecuado e suficiente, e pola Xunta de Goberno Local, ou Xuntas Rectoras dos OO.AA., nos demais casos.*

*Igualmente, dita Base establece o procedemento e requisitos de autorización do gasto, debendo sinalarse pola funcionaria suscribinte a ausencia de competencia material e funcional da mesma, no ámbito administrativo, para a xestión e decisión das incidencias relativas á contratación administrativa pública, documentadas no presente expediente administrativo, máis aló da documentación estrictamente técnica (prego de prescripcións técnicas, informes xustificativos da necesidade e idoneidade, e memoria xustificativa) que obra incorporada ao expediente actualmente en tramitación baixo o número 24.360/220, así como das circunstancias que motivaron que non se tramitase en tempo e forma a contratación administrativa, dado que, con anterioridade ao*

14/08/2013, este Servizo de Recursos Humanos non era o xestor do expediente nin do contrato de seguro de vida e accidentes do persoal municipal.

IV.- No que respecta aos requisitos do recoñecemento extraxudicial de créditos, ou incluso á procedencia dunha simple convalidación do gasto, debe salientarse que con carácter previo á adopción do acordo de convalidación, ou de recoñecemento extraxudicial, debe procederse á acreditación de determinados extremos, os cales, partindo da inxente xurisprudencia existente respecto da teoría do enriquecemento inxusto e do recoñecemento extraxudicial de créditos, poden sintetizarse en:

- 1.- Que o gasto se efectuou a solicitude dun responsable ou órgano municipal, e que non houbo actuación unilateral por parte da contratista (STS 28.01.2000 (Ar. 1579) --con antecedentes na STS de 22 .02.1980 (Ar. 740).
- 2.- Que non mediou mala fe polo contratista (entre outras, STS 11.07.1997, Ar. 5929).
- 3.- Que realmente queda constatada a súa realización, ou sexa, que a obra existe, o subministro se recibiu ou o servizo se prestou.
- 4.- A xurisprudencia incide especialmente en que os excesos realizados unilateralmente pola contratista unicamente son indemnizables (por medio do instituto do enriquecemento inxusto) cando os mesmos supoñen un "beneficio" para a Administración, non en outro caso, o que debe probarse cumpridamente en xuízo: SAN 18.06.1999 (Ar. 2882).
- 5.- Que tal realización foi correcta.
- 6.- Que a súa valoración é axeitada.
- 7.- Que se presenta factura cos requisitos legalmente esixibles.
- 8.- Salvo omisión -e sen prexuízo do criterio mellor fundado da Intervención Xeral Municipal- que existe consignación nos Orzamentos Municipais actualmente vixentes.

Asimesmo, o recoñecemento extraxudicial devengará os oportunos xuros, como calquera outra factura presentada, desde o momento en que deba procederse ao pago e non se realice, segundo ten sinalado unha constante xurisprudencia (Vid. STSX 00058/2005 Cantabria; STSX Galicia nº 744/2006, de 27.07; STSX Castela e León, Valladolid, nº 1212/2008, de 30.05; STSX de Castela e León, Burgos, nº 304/2002, de 22.10; SAN 13.06.2006, entre outras).

A tal efecto, esíxese a presentación previa da factura, ou documentación acreditativa da prestación.

Partindo do exposto, e polo que respecta á aplicabilidade dos indicados requisitos ao suposto concreto respecto da factura contida no presente expediente administrativo, que:

- Que a dispoñibilidade de cobertura foi requerida en data 14/08/2013 segundo Decreto de incoación de expediente administrativo 24.360/220, para tramitación de contratación de póliza de seguro de vida e accidentes do persoal municipal.
- Que, efectivamente, a prestación se efectuou, tal e como consta na documentación aportada, dado que a compañía aseguradora proporciona cobertura económica en caso de falecemento, invalidez e accidente en idénticas condicións ás da póliza.
- Que o gasto instado non vulnera a normativa contractual, non supuxo un fraccionamento indebido do obxecto do contrato (aos efectos do previsto no Real Decreto legislativo 3/2001, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público) e que a compañía aseguradora proporciona cobertura entanto se procede á tramitación administrativa do contrato de seguro.
- Que dita factura especifica o importa da prestación (83.758,13 euros) estando exento de IVE o contrato de seguro, cumprindo os requisitos regulamentarios.
- Que non existe razón para vulnerar a presunción de boa fe da contratista.

V.- O presente expediente precisa o previo e preceptivo informe de fiscalización do gasto proposto, nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, estimándose adecuada, salvo mellor criterio en contra, a imputación orzamentaria e contable do importe de 83.758,13 euros á aplicación orzamentaria 221.0.162.05.00-seguro de vida e accidentes dos vixentes Orzamentos Municipais.

VI.- Visto o anteriormente exposto, e considerando as competencias que a lexislación básica en materia de réxime local atribúe á Xunta de Goberno Local en canto á xestión económica da Entidade (artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local segundo Lei 57/2003, do 16 de decembro) e sen prexuízo obviamente das competencias plenarias en materia de recoñecemento extraxudicial de crédito; nos termos do que se estableza no previo e preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita, elévase ao citado órgano a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Aprobar a convalidación do gasto en concepto de cobertura de contingencias proxectadas polo seguro de vida e accidentes do persoal municipal contido na factura presentada por ARTAI CONSULTORES DE SEGUROS, S.A., por importe de 83.758,13 euros, emitida por GENERALI ESPAÑA, S.A., de Seguros e Reaseguros, con domicilio social na C/ Orense, nº 2, CP 28.020 (Madrid) derivados da cobertura do seguro de vida e accidentes indicado, que foi presentada no rexistro xeral do concello en data 24/09/2013 (documento administrativo nº 130109419) e, en consecuencia, ordenar o pago da factura indicada, por un importe total de 83.758,13 €, dispoñendo o seu aboamento con cargo á aplicación orzamentaria 221.0.162.05.00 dos vixentes orzamentos municipais, nos termos dos informes emitidos no presente expediente.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado/a, Intervención Xeral Municipal e Servizo de Contratación aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(1341).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2013. EXPTE. 24595/220.**

Visto o informe de fiscalización do 25.11.13, e de acordo co informe-proposta da técnico de avalización e Formación de Recursos Humanos, do 13.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores

que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Outubro-2013, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos coarenta e nove euros con coarenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”.

**18(1342).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO DE 2013. EXPTE. 24594/220.**

Visto o informe de fiscalización do 22.11.13, e de acordo co informe-proposta da técnico de avalización e Formación de Recursos Humanos, do 18.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de outubro de 2013, e que ascenden a un total de 1.168,44 € (mil cento sesenta e oito euros con coarenta e catro céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

**19(1343).- DAR CONTA DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS DO CONCELEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

**A) DE DATA 13/11/2013, RELATIVA A RENUNCIA DE FUNCIONARIO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS. EXPTE. 24601/220.**

Con base no informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 14.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 15.11.13 (sinatura electrónica), resolve o seguinte:

*Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 13 de novembro de 2013 por D. Manuel Reboreda Martínez, con DNI 36.152.836-X, nº de persoal 81017, nomeado funcionario interino por acumulación de tarefas como axudante de oficios, con efectos do día 14 de novembro de 2013, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*Segundo.- A presente resolución notifíquese o interesado, Xefatura de Área de Educación, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos-Humanos (Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), Planificación e Organización, Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debéndo darse conta a Xunta de Goberno Local.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**B) DE DATA 07/11/2013, RELATIVA Á DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO MUNICIPAL D. JOSÉ CAMIÑA OTERO. EXPTE. 24581/220.**

Con base no informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 12.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 18.11.13 (sinatura electrónica), resolve o seguinte:

*Primeiro.*- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario municipal D. JOSÉ CAMIÑA OTERO, con data de efectos 15/11/2013, con nº de persoal 8645, data de nacemento 15/11/1948, con praza e posto de peón de Traballos Exteriores (pto. 158), grupo E de titulación e grupo de tarifa 10, adscrito ao Servizo de Conserxería (201), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.

*Segundo.*- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**C) DE DATA 07/11/2013, RELATIVA Á DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO MUNICIPAL D. MANUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. EXPTE. 24582/220.**

Con base no informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 12.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 18.11.13 (sinatura electrónica), resolve o seguinte:

*Primeiro.*- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario municipal D. MANUEL RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, con data de efectos 16/11/2013, con nº de persoal 11162, data de nacemento 16/11/1948, con praza de Oficial de Oficios e posto de Oficial de Servizos Internos (pto. 146), grupo C2 de titulación e grupo de tarifa 07, adscrito ao Servizo de Educación (332), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.

*Segundo.*- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo,



*Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**D) DE DATA 07/11/2013, RELATIVA A DECLARACIÓN DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO MUNICIPAL D. ANTÓN BOUZAS ALVAREZ. EXPTE. 24583/220.**

Con base no informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 12.11.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, con data 18.11.13 (sinatura electrónica), resolve o seguinte:

*Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario municipal D. ANTÓN BOUZAS ÁLVAREZ, con data de efectos 27/11/2013, con nº de persoal 16550, data de nacemento 27/11/1948, con praza e posto de con praza e posto de Auxiliar Psiquiátrico (pto. 139), grupo C2 de titulación e grupo de tarifa 07, adscrito ao Servizo de CEDRO (315), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**20(1344).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:**

A) COMISIÓN DE FESTAS DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 87242/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade, do 19.11.13, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza achegada pola ASOCIACIÓN CULTURAL COMISIÓN DE FESTAS DE SAN PAIO DE NAVIA CIF G 36881530 en data 30/9/13 por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración DA FESTA NA HONRA DA NOSA SEÑORA DO ROSARIO levada a cabo o día 13 DE OUTUBRO do ano que

andamos NA ALAMEDA DE SAN PAIO, xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

B) ASOCIACIÓN IRMANDADE NOSA SEÑORA DAS NEVES. EXPTE. 86938/210.  
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade, do 19.11.13, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza achegada pola IRMANDADE DE NOSA SRA.DAS NEVES CIF G G 36954162 en data 24/07/13 por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración DA FESTA NA HONRA DA NOSA SEÑORA DAS NEVES levada a cabo os días 01 ao 05 de agosto do ano que andamos NA ALAMEDA DE MATAMA , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

C) CENTRO CULTURAL, ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES. EXPTE. 87387/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Seguridade, do 18.11.13, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza achegada polo CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES CIF G 36805158 en data 08/08/13 por un importe de 500 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración DA FESTA DO POLBO levada a cabo o día 11 de agosto do ano que andamos no Monte dos Pozos de Valadares, xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

**21(1345).- APROBACIÓN DA MEMORIA VALORADA DAS OBRAS DE “ABASTECIMENTO NA RÚA SUBIDA Á IGREXA-SAMPAIO” E ADXUDICACIÓN DAS MESMAS Á EMPRESA AQUALIA. EXPTE. 1814/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 12.11.13, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a a memoria valorada para executa-las obras de “Abastecemento na Rúa Subida á Igrexa – Sampaio” por importe de 14.630,47 € (IVE excluído).

2º.- Adxudicar as obras a empresa “Aqualia ”, concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento, por un importe de 14.630,47 € (IVE excluído) e con cargo ao saldo da “Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo.

**22(1346).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE VITRASA POLO SERVIZO DE LANZADEIRAS AO CUVI DURANTE OS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO DE 2013. EXPTE. 208/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.11.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 15.11.13, conformado polo concelleiro-delegado de Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º .- APROBAR a indemnización substitutiva por validación das actuacións a favor da empresa Viguesa de Transportes S.L. por importes de 129.966,35 Y 153.088,98 €, correspondientes as facturas de SETEMBRO E OUTUBRO respectivamente, de 2013; por un IMPORTE TOTAL DE 283.055,33 EUROS, polo servizo de transporte prestado á Cidade Universitaria, perante ditos meses do presente ano, de conformidade coa Base 28ª de execución do Presuposto Xeral para o exercicio de 2013, con cargo á partida 4410.470.00.00 - "Subvención Lanzadeiras".

2º.- RECOÑECER a débeda a favor de "VITRASA" por un IMPORTE TOTAL DE 283.055,33 EUROS, polos conceptos antes indicados, e con cargo á partida 4410.470.00.00 - "Subvención Lanzadeiras" do Presuposto Xeral vixente, e con arreglo á Base 28 do Presuposto para o presente ano.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**23(1347).- SOLICITUDE DE ADHESIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO AO PROGRAMA ESTATAL DE CIRCULACIÓN DE ESPECTÁCULOS DE ARTES ESCÉNICAS EN ESPAZOS DAS ENTIDADES LOCAIS "PLATEA" XESTIONADO POLO INAEM. EXPTE. 14429/331.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

*Dáse conta do informe do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 18.11.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade e Xestión municipal, que di o seguinte:*

*O concelleiro-delegado da área de Cultura, Festas e Museos, resolveu con data 13 de novembro de 2013 que polo servizo de Cultura e Bibliotecas se inicie o expediente necesario para solicitar ao INAEM a adhesión do Auditorio Municipal do Concello de Vigo ao programa estatal de circulación de espectáculos de artes escénicas en espazos das entidades locais "PLATEA".*

O Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música (INAEM) vén de poñer en marcha PLATEA, Programa Estatal de Circulación de Espectáculos de Artes Escénicas en Espazos das Entidades Locais, formalizado mediante a sinatura dun protocolo de colaboración entre o INAEM e a FEMP, con data 8 de outubro de 2013.

A finalidade do Programa é impulsar a programación conxunta de compañías de artes escénicas polas entidades locais e o INAEM para reactivar e enriquecer a súa programación cultural, mediante unha minimización do risco para ambas partes. Os obxectivos do programa son os seguintes:

- Garantir aos cidadáns unha oferta artística diversa e de calidade en todo o Estado.
- Reactivar a programación de espectáculos de artes escénicas polas entidades locais.
- Fomentar a comunicación cultural entre as Comunidades Autónomas.
- Ampliar a oferta artística de calidade en todo o Estado.
- Aproveitar os equipamentos escénicos locais construídos ou rehabilitados nas últimas décadas.
- Impulsar a creación española e a diversidade de xéneros artísticos.
- Facilitar a creación e a sostenibilidade de hábitos culturais entre os diferentes públicos.
- Fomentar a xestión autosostida dos teatros públicos de titularidade local.
- Reforzar a profesionalización e especialización dos xestores culturais e programadores municipais.

Para poder adherirse ao programa os máximos representantes legais das entidades locais deben asinar un documento de adhesión que se achega como anexo a este expediente, conforme ao Protocolo de colaboración asinado entre o INAEM e a FEMP o 8 de outubro de 2013. No dito documento figuran os requisitos e condicións que deben cumprirse para entrar no programa.

Cada entidade local poderá adherirse a PLATEA cun so espazo escénico que deberá ser de titularidade pública, neste caso o Auditorio Municipal do Concello que figura tamén na Rede Galega de Teatros e Auditorios e que desenvolve programación estable de artes escénicas ao longo do ano.

As entidades locais deberán acreditar mediante certificado do interventor local, que se atopa ao corrente de pago de todas as obrigacións contraídas pola programación de espectáculos de artes escénicas e musicais, desde cuxo vencemento transcurran máis de seis meses.

O INAEM examinará o cumprimento dos requisitos xerais e comunicará individualmente ás entidades locais a súa incorporación formal a PLATEA.

Até o 31 de xaneiro de 2014, cada entidade local adherida poderá enviar a PLATEA a súa proposta de programación en formato electrónico, conforme ao sistema que habilitará ao efecto o INAEM. Este proxecto de programación deberá elaborarse entre as compañías e grupos que formen parte dun catálogo de espectáculos que facilitará o INAEM no mes de novembro de 2013.

O proxecto de programación abarcará os meses de marzo a decembro de 2014 e deberá cumprir as seguintes condicións:

- Constará dun mínimo de 4 e un máximo de 15 funcións de artes escénicas (teatro, danza e circo), no espazo escénico adherido, de grupos e compañías profesionais procedentes alomenos de tres Comunidades Autónomas ou Cidades Autónomas distintas da propia.
- O proxecto deberá respectar as seguintes porcentaxes mínimas en canto ao número de funcións (redondeando cara abaixo):
  - Circo: 10 %
  - Artes escénicas para a infancia e a xuventude: 20 %
  - Danza: 25 %
- Deberá acreditarse o compromiso por escrito entre a entidade local e as compañías programadas mediante cartas de invitación ou precontratos.

Finalizado o prazo de presentación de propostas, o comité asesor de PLATEA valorará a calidade, diversidade, idoneidade e orzamento do proxecto de programación.

A proposta de programación acompañarase do correspondente orzamento que incluirá:

- Memoria de gastos de publicidade e técnicos que asumirá a entidade local nas funcións incluídas no proxecto de programación.
- Prezo das entradas.
- Condicións de contratación das compañías incluídas no proxecto de programación.

Ademais do anterior a entidade local deberá presentar a totalidade da programación profesional de artes escénicas e musicais prevista para o espazo escénico no ano en curso, que será valorada no seu conxunto.

Con anterioridade ao 1 de marzo de 2014, o INAEM publicará o listado das propostas de programación aprobadas.

PLATEA se instrumentará mediante contratos de actuación artística suscritos con anterioridade á realización das funcións incluídas nas propostas de programación aprobadas. Serán necesarios dous contratos: un entre a entidade local e a compañía e outro entre esta e o INAEM.

Garantizaránse os seguintes prezos mínimos efectivos das localidades:

- Artes escénicas para a infancia e a xuventude: mínimo 6 € (IVE engadido).
- Circo: mínimo 9 € (IVE engadido).
- Danza: mínimo 10 € (IVE engadido).
- Teatro: mínimo 12 € (IVE engadido).

O prezo que se pagará segundo as bases do PLATEA á compañía será o resultado de descontar da recadación bruta o IVE aplicable ás entradas, así como o importe dos dereitos de autor e de comisión por venda electrónica das entradas (descontado o IVE nestes dous últimos casos). A entidade abonará o 80% da base da liquidación (maís IVE) á compañía nun prazo máximo de 30 días naturais (dacordo co disposto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais).

O resto da base de liquidación se distribuirá como segue:

- 15% para a propia entidade.
- 5 % para o INAEM.

As entidades locais adheridas a PLATEA terán que insertar o logotipo oficial de INAEM-PLATEA como organizador, en todas as accións de difusión e publicidade das funcións incluídas no proxecto de programación aprobado e a informar ao INAEM sobre as posibles roldas de prensa e actividades de promoción das funcións.

Para poder levar a cabo na práctica neste Concello a adhesión a este programa, e tendo en conta a imposibilidade de facer os pagos ás compañías a través da recadación das taquillas, desde o Servizo de Cultura e Bibliotecas deste Concello se fará antes do período de programación unha reserva de crédito xenérica polo importe máximo que habería que pagar das taquillas de cada actuación, é dicir, de cada actuación habería que calcular cun aforo completo (285 butacas), segundo o prezo de cada espectáculo (que deberá ser o que indican as bases do PLATEA), menos o IVE, os dereitos de autor e o servizo de venda de entradas. A este resultado haberá que calcularlle o 80 % que será para a compañía máis o IVE, e outro 5 % para o INAEM. A suma deste resultado de cada función será o importe máximo do que constará esta reserva de crédito. Ao día seguinte de cada actuación, coas follas de taquillas se fará o cálculo deste importe cos descontos procedentes e as compañías emitirán as facturas por este importe que serán tramitadas contra este RC.

O interese por parte deste Concello para adherirse a este programa é evidente, xa que o importe máximo que pagaría o Concello por cada actuación tendo en conta un espectáculo de teatro cuxo prezo sería de 12 € cun aforo completo sería de 3.420 €, menos o IVE, os dereitos de autor e a xestión de venda de entradas, o 80% máis IVE desta cantidade, será sempre moi inferior ao caché das compañías que se contraten, e deste xeito o Concello poderá exhibir espectáculos con cachés moi altos, que na maioría dos casos non se poderían contratar en circunstancias normais, a prezos moi inferiores, xa que o resto do caché real da compañía até o 65 % o asumiría o INAEM.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos faise a seguinte PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Autorizar ao Servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, pertencente á Área de Cultura, Festas e Museos, a tramitar a solicitude de adhesión do Auditorio Municipal do Concello de Vigo, ao programa estatal de circulación de espectáculos de artes escénicas en espazos das entidades locais PLATEA, xestionado polo INAEM.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(1348).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN FASE II”. EXPTE. 2471/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe de fiscalización do 28.11.13, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 26.11.13, conformado polo concelleiro de dita Área, que di o seguinte:

*Os Técnicos do Concello D. Álvaro Crespo Casal e D. Julio Carrasco Rodríguez presentan proxecto modificado nº 1 OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN FASE II, sen importe adicional líquido. En data 14 de outubro de 2011 a Xunta de Goberno Local aproba o proxecto de “Humanización da Rúa Aragón, fase II”.*

*A obra é adxudicada a empresa Oreco, S.A. por importe de 2.250.000 € mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2011, formalizándose o contrato o 12 de xaneiro de 2012.*

*Asínase a Acta comprobación replanteo en data 27 de xaneiro de 2012 . Se suspende temporalmente o inicio da execución do proxecto en tanto é aprobado o Plan de Seguridade e Saúde do adxudicatario, que é aprobado en data 20 de abril de 2012. Levantándose a suspensión en data 26 do mesmo mes e iniciando a execución da obra o 27 de abril de 2012.*

*O prazo de execución é de 18 meses.*

*En data 11 de outubro de 2013 a Xunta de Goberno Local aproba a autorización da redacción do presente modificado, autorizando ao mesmo tempo unha moratoria no prazo de execución da obra, polo período que transcorra ata a aprobación do proxecto “Modificado nº 1 do proxecto de Humanización da Rúa Aragón, Fase II”.*

#### **XUSTIFICACIÓN:**

*A execución da fase I nesta rúa remodelou a marxe dereita (pares) ata o nº 80. A fase II, agora contratada, contempla actuar en ambas as marxes da rúa ata alcanzar a súa enlace coa de Padre Celso.*

*Os principais capítulos que abarca a intervención, son:*

- Firmes e pavimentos.*
- Rede de saneamento.*
- Alumado público.*
- Rede de abastecemento.*
- Sinalización.*
- Xardinería e mobiliario urbano.*
- Sistemas de enerxía renovable.*

*Tras o replanteo, comprobacións e análises de cada un deles, deduciuse o seguinte:*

*No capítulo da rede de saneamento inspeccionouse o colector central no que estaba proxectada a súa rehabilitación con “manga”, concluíndose que, tecnicamente, o seu estado fai innecesaria a mesma con reparacións puntuais. Pola contra, prevese a mellora da rede nas travesías da propia rúa, dentro do ámbito, cuxa condición resulta penosa, con roturas que provocan fugas e afectan á salubridade da veciñanza.*

*No capítulo de alumado público considérase que, seguindo a distribución dos farois implantados na fase I, resulta máis coherente continuar a mesma, instalándose bilateral nas beirarrúas de ambas as marxes en lugar de na mediana proxectada; ademais, un estudo máis detallado do alumado demostra que esta distribución satisfai especialmente os niveis máximos de iluminancia media cunha mellor uniformidade entre a calzada e a beirarrúa e, en consecuencia, ofrece maior seguridade, tanto ao tránsito peonil como ao rodado. Con iso, este capítulo adáptase ao establecido nos Artigos 8 e 9, “Requisitos das instalacións e Niveis*

de iluminación”, da nova Ordenanza Municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior, en vigor desde o 13 de febreiro de 2013.

No capítulo de abastecemento de auga potable mantense a rede proxectada, aínda que se pretende ampliar a actuación ás travesías lindeiras mencionadas, renovando a actual por atoparse en moi mal estado, con avarías constantes por roturas, que están provocando graves molestias aos veciños cun elevado custo de mantemento. Dado que a ocupación do subsolo polas canalizacións existentes (enerxía, gas, telecomunicacións, saneamento, etc.) é total, non podendo instalarse a nova rede en paralelo á existente, senón na súa mesma localización, é necesario establecer provisionalmente unha tubaxe que manteña a subministración durante a súa implantación.

Numerosas peticións veciñais sobre a falta de espazo para a estancia e o espaxamento infantil na zona, na propia rúa e os seus arredores, motivou a previsión, dispondo do espazo suficiente na intersección da rúa coas de Redomeira e Padre Celso, de instalar un parque infantil que palíe esta carencia. Así mesmo, coa opción que se dispón de recuperar unha parcela municipal entre os números 81 e 87, sen utilidade algunha nestes momentos, coa construción dun muro e o seu recheo ata alcanzar a cota da rúa, habilitase un espazo para a implantación dun parque para persoas maiores con instalacións biosaludables.

No capítulo de sistemas de enerxías renovables o proxecto orixinal contempla o aproveitamento do salto hidráulico dos caudais que descenden polo colector da rúa de San Xoán. Tras a análise do sistema proposto, consultas a especialistas na materia e exame do fluído circulante, estímase que tecnicamente a solución non resulta ser a máis idónea; os caudais non son uniformes en cantidade, en réxime e en composición, o cal proporcionaría un rendemento do sistema moi irregular, chegando ata, en determinados casos, ao seu colapso, ademais do elevado custo de mantemento que se prevé. Por iso, mantendo o fin proxectado, considérase máis conveniente substituír a técnica do sistema por paneis fotovoltaicos, pois a incorporación á obra da parcela municipal citada proporciona unha localización óptima para esta solución, moito máis limpa, de menor investimento, con maior rendemento enerxético e de baixo custo de mantemento. O rendemento, máis uniforme, pode proporcionar a enerxía necesaria para o mantemento da rede de rega da rúa e o alumado do parque de maiores.

Todo iso non provocará variación do presuposto económico aprobado, manténdose integramente o seu importe de adxudicación vixente de 2.250.000,00 €, IVE incluído, quedando xustificado o total do investimento económico. As citadas modificacións, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público. Considerase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

A documentación do proxecto MODIFICADO Nº 1, DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE II” considérase completa e tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público”.

Polo que, á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe dos Directores de Obra de data 25 de novembro de 2013, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA:**



1.- *Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de “Humanización da Rúa Aragón. Fase II”, sin importe adicional sobre o proxecto inicial.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o proxecto modificado nº 1 das obras de “Humanización da Rúa Aragón. Fase II”, sin importe adicional sobre o proxecto inicial.

#### **25(1349).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA NO FIRME EN DIVERSAS PARROQUIAS DO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 1950/440.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe de fiscalización do 26.11.13, e de conformidade co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 21.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura no firme en diversas parroquias do termo municipal (expediente 1950-440) as mercantís:

- MISTURAS, S.A., o lote 1 por un prezo de 245.455, 60 € IVE incluído.
- ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L. o lote 2 por un prezo de 252.180 € (IVE incluído)”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

#### **26(1350).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.